

CUADRANTE



EL ÚLTIMO AÑO EN LA VIDA DE RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN

"LA MEDIA NOCHE" A LA LUZ DE "EL FUEGO": LA GUERRA COMO EXPERIENCIA NARRATIVA EN
RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN Y HENRI BARBUSSE

ACARIO COTAPOS EN ESPAÑA. AS SUAS "VOCES DE GESTA": OBRA MUSICAL INSPIRADA
NA "TRAGÉDIA PASTORIL" HOMÓNIMA DE VALLE-INCLÁN

DAS DESAMORTIZACIONES Á CRISE FINISCEULAR. O PERICLITAR DA FIDALGUÍA GALEGA -O CASO
DOS PEÑA CARDECID E SACO BOLÁÑO- E A VENDA DOS FOROS DO "AGRO DAS SINAS" POR
VALLE-INCLÁN EN 1923 EN VIANOVA DE AROUSA

A OBRA DE VALLE-INCLÁN COMO FONTE DE INSPIRACIÓN MUSICAL. PAPELETAS
PARA UN CATÁLOGO DE COMPOSITORES, V.

HISTORIA DE UN GUION CINEMATOGRÁFICO: "ESTE QUE VEIS AQUÍ"

"EL TRUENO DORADO": CUANDO LOS SUEÑOS SE HACEN REALIDAD

LA VOCAL QUE VA DEBAJO DEL PUNTO O DE LA NATURALEZA POSIBLE DE LA DRAMATURGIA.
A PROPÓSITO DE "EL TRUENO DORADO", UNA DRAMATURGIA SOBRE TEXTOS DE
RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN REALIZADA POR JUAN ANTONIO HORMIGÓN

EL TRUENO DORADO: NOTAS DE UNA ESPECTADORA

Nº 22


los Amigos
Villa-fundación
Vianova de Arousa



FUNDACIÓN
VALLE-INCLÁN



CUADRANTE



Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

Editada pola

Asociación de Amigos de Valle-Inclán e a Fundación Valle-Inclán

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS N° 66
www.amigosdevalle.com

Xuño 2011

Director:

Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:

Joaquín del Valle-Inclán Alsina
Margarita Santos Zas
Juan Antonio Hormigón
Xosé Luis Axeitos
Sandra Domínguez Carreiro
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Director Servicio de Publicacións:

Gonzalo Allegue

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Deseño e maquetación:

Carlos Sánchez Crestar

Ilustracións suplementarias :

Marcela Santórum (*ilustracións capa*)
Eugenio de la Iglesia (*encabezamiento capítulos*)

Imprime:

Imprenta Fidalgo, S.L.
Cambados (Pontevedra)

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores ou mesmo que o respeto á propiedade intelectual, recaíndo sobre elas calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Manuel Alberca, Joaquín del Valle-Inclán Alsina:
El último año en la vida de Ramón del Valle-Inclán pág. 5

Antonio Espejo Trenas:
"La media noche" a la luz de "El fuego": la guerra como experiencia narrativa en Ramón del Valle-Inclán y Henri Barbusse pág. 17

Fernando López-Acuña López:
Acario Cotapos en España. As siñas "Voces de gesta": obra musical inspirada na "Tragedia pastoril" homónima de Valle-Inclán pág. 29

José María Leal Bóveda, José Miguel Ventoso Martínez:
Das desamortizacións á crise finisecular. O periclitar da fidalguía galega -o caso dos Peña Cardecid e Saco Bolaño- e a venda dos foros do "Agro das Sinas" por Valle-Inclán en 1923 en Vilanova de Arousa pág. 67

Fernando López-Acuña López:
A obra de Valle-Inclán como fonte de inspiración musical. Papeletas para un catálogo de compositores. V. pág. 123

Silvio Martínez Vicente:
Historia de un guión cinematográfico: "Este que veis aquí" pág. 133

Juan Antonio Hormigón:
"El Trueno Dorado": cuando los sueños se hacen realidad pág. 149

Manuel F. Vieites:
La vocal que va debajo del punto o de la naturaleza posible de la dramaturgia. A propósito de "El Trueno Dorado", una dramaturgia sobre textos de Ramón del Valle-Inclán realizada por Juan Antonio Hormigón pág. 173


Erandi Rubio Huertas:
El Trueno Dorado: Notas de una espectadora pág. 183



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2011

CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizadas para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



DA DESAMORTIZACIÓN Á CRISE FINISECULAR. O PERICLITAR DA FIDALGUÍA GALEGA -O CASO DOS PEÑA CARDECID E SACO BOLAÑO- E A VENDA DOS FOROS DO “AGRO DAS SINAS” POR VALLE-INCLÁN EN 1923 EN VILANOVA DE AROUSA

*José María Leal Bóveda
José Miguel Ventoso Martínez.*

SUMMARY.

These events take place in the time which goes between the liberal confiscations of the 19th century and the crisis of the end of the century, on the borderline between the 19th and 20th centuries. The aim of this study is to show that although it is true that in the case of the town council of Vilanova de Arousa, the nobility took the greater part of the lands and confiscated income, mainly in Mendizábal's confiscation, it is also true that when the century ends, the nobility process of separating is such that it even dies out as a social class. Before this happens, those movable goods acquired in the confiscation process will have to be put up to sale to the best bidder, who is usually a middle class person with the enough money to be able to buy them. Another common feature which defines the society of Vilanova of the end of the 19th century is that, while one part of the nobility, the Valle Peña, invests in diverse business, the catalan stock nobility, the Llauger, do it in the acquisition of dead income. In the case we are discussing, the Peña Cardecid and Saco Bolaño, who were related to Valle Inclán, in the slow process of suffering as class, will try to hamper it selling income, forum and lands that will be bought by a catalan middle class family, the Llauger, settled in Vilanova since the end of the 18th century. In this context, still in 1923, the writer Ramón María del Valle Inclán sells the field of Las Sinas to several peasants of the area so as to get liquidity. With it forum and nobility remained settled¹.

INTRODUCIÓN².

Situamos a historia no tempo que transcorre entre as desamortizacións liberais do século XIX e a crise finisecular, a cabalo entre o XIX e o XX por tanto. A finalidade deste estudo consiste en amosar que, malia que é certo que para o caso do concello de Vilanova de Arousa a fidalguía se fixo coa meirande parte das terras e rendas desamortizadas, fundamentalmente na desamortización de Mendizábal, tamén o é que cando remata o século o seu proceso de descomposición acada tal nivel, que mesmo chega a desaparecer como clase social. Antes haberá de poñer á venda do mellor licitador aqueles bens adquiridos no proceso desamortizador,

e este adoita ser un burgués coa suficiente acumulación de capital para conseguir a propiedade destes. Outro trazo propio que define a sociedade vilanovesa do final do XIX amosa que, mentres que unha parte da fidalguía, a dos Valle Peña, inviste en negocios diversos, a burguesía de estirpe catalá, caso dos Llauger, o fai na adquisición de rendas mortas. No caso que nos ocupa, os Peña Cardecid e Saco Bolaño, emparentados cos Valle Inclán, no lento proceso de agonía como clase, tratarán de impedilo poñendo á venda rendas, foros e terras, que serán mercadas por unha familia burguesa de ascendencia catalá, os Llauger, asentados en Vilanova dende finais do século XVIII. Neste imparable proceso de extinción como casta social, no 1923 o escritor Ramón María del Valle Inclán e as súas irmás rematan co pa-

¹ Tradución ao inglés de Paula Dopazo Sande.

² Tradución ao galego de Ramón Cruces Colado.

trimonio familiar vendendo o dominio directo do Agro das Sinas a 35 novos propietarios, na súa meirande parte labregos de Caleiro, dos que 24 levaban traballando a súa parcela dende xeracións atrás. En moitos casos, os cartos chegados dende América posibilitaban estas compras pero con elas, lonxe de constituirse unha burguesía agraria, áinda se acentuou máis o proceso de atomización parcelaria que seguía lastrando o desenvolvemento agrario galego. A pesar diso, co devandito foro e fidalguía, ficaban rematados polo menos para as terras en cuestión.

1.- AS ORIXES DO PROCESO. A PROPIEDADE DA TERRA E AS DESAMORTIZACIÓN. CARACTERÍSTICAS XERAIS E LOCAIS. CONSECUENCIAS DESTAS E ESTRATEGIAS DOS GRUPOS DOMINANTES: FIDALGUÍA E BURGUESÍA.

O estudo da propiedade da terra durante o século XIX resulta de vital importancia para coñecer cómo se constitúen as dinámicas económicas, sociais, políticas, culturais e espaciais da nosa modernidade. Así, é necesario estudar cales eran os seus propietarios ata entón, en

que réxime de tenencia tiñan as terras, como eran as relacións de producción nestas etc. Con todo, tal e como apuntan os autores clásicos a comezos de século, nun proceso longo e interrompido moitas veces, comeza a producirse o fin da longa noite de pedra do réxime señorial ou Antigo Réxime. Aquelas propiedades que outrora posuía un dos estamentos privilexiados, a Igrexa, mudan de dono e as que anteriormente estaban en mans mortas pasan a outras coa intención primixenia, áinda que pouco conseguida, de poñelas en explotación e convertelas nun ben de uso. Este proceso darase coas denominadas desamortizáns³, que explicamos a continuación.

³ Para o proceso desamortizador en España empregamos, entre outra, a seguinte bibliografía: ESCUDERO J., A.: *Curso de Historia del Derecho*. Madrid, 1985. MARTÍ GILABERT, F.: *La desamortización española*. Ediciones Rialp. 2003. MORO BARREÑADA, J. M.: "La desamortización". En *Cuadernos de Historia 16*. Madrid. 1985. TOMÁS Y VALIENTE, F.: *El marco político de la desamortización en España*. Ariel. 1989. RUEDA HERNANZ, G.: *La desamortización de Mendizábal y Espartero en España*. Madrid. 1986. MARTÍN, T.: *La desamortización. Textos político-jurídicos*. Madrid, 1.973. HERR, R.: "El significado de la desamortización en España". En *Moneda y Crédito*, 131. 1974. Pp. 55-94.



Vista de Vilanova de Arousa desde a torre de Cálago, ano 1940. Á dereita obsérvase a dársena portuaria e as instalacións de salgado e conserva. Á esquerda a torre da igrexa vella da Pastoriza. Fonte: María Jesús Reigosa.

Unha das características da propiedade da terra no Antigo Réxime era a súa amortización e por ela enténdese un réxime de propiedade vinculada de forma inalienable a unha soa persoa xurídica. O ben atópase, por tanto, vinculado, ou pertence, como entón se dicía, a “mans mortas”, metáfora expresiva da inmobilidade na que caeran tales propiedades. A vinculación implica un réxime de posesión intermedio entre a propiedade persoal e o usufruto. Desamortización, dende este punto de vista, consiste, pois, no contrario de amortización e a ela volveremos máis adiante. Pero cales son as clases sociais que interveñen na conformación da propiedade da terra que concorren ás desamortizacións decimonónicas? Para o noso ámbito local no cabe dúbida de que en primeiro lugar a fidalguía e a continuación a burguesía industrial. Pero xa ben entrado o século XX, en pleno proceso de elaboración da lexislación que elimina definitivamente os foros, serán os labregos acomodados ou aqueles que reciben as remesas indianas os que mercan as terras dos outrora poderosos fidalgos, que agora tan só poden exhibir o orgullo do seu nome ou un pazo que irá esmorecendo entre silvas.

A desamortización, pois, debe ser considerada como un proceso que abarca dende Carlos IV ata a metade do século XIX e que ten os seus valores máximos nas de Mendizábal, 1835-36, e Madoz, 1855. A propiedade da terra durante a primeira metade do século XIX estaba nas mesmas mans ca no Antigo Réxime: a Igrexa (sobre todo as ordes relixiosas), a nobreza rendeira, o Estado ou os municipios (bens de propios e comunais). Por iso, os distintos gobernos liberais tratan de conseguir a propiedade libre, absoluta e individual. Nos seus principios ideolóxicos a propiedade é sagrada, un dereito natural, sustento da felicidade e da riqueza das nacións. O Estado debe garantir esa propiedade que proporciona a liberdade, e intervir o menos posible. Trátase de proporcionar as condicións necesarias para que aumente o número de propietarios e, coa aplicación do seu traballo sobre os devanditos

bens crecerá a felicidade persoal e, con ela, a riqueza nacional.

O contrario, como xa se amosara durante o Antigo Réxime, sería unha explotación pouco racional, en mans mortas, amortizada, sen que puidese entrar no mercado e sen que o dono tivese liberdade para dispor dela. Desta forma, aqueles que consigan un aproveitamento intensivo da terra irán acumulándoa ao comprar aquelas de propietarios que non lle souberon sacar proveito. Isto debe acompañarse cuns métodos de cultivo máis axeitados (sistema Norfolk), de forma que se aumente a produción agrícola e se acabe coa escaseza de alimentos e as fames finiseculares que viñan padecendo España e Galicia. Por outra banda, un estado decimonónico case en bancarrota necesitaba cartos para sufragar a industrialización do país, a chegada do ferrocarril e as Guerras Carlistas. As desamortizacións darán para todo iso.

Neste senso, podemos clasificar a propiedade amortizada ou vinculada en tres grandes grupos: a señoril, a eclesiástica e a municipal. A señoril era un vestixio do sistema imperante na Idade Media. A nobreza apropiarase dos seus territorios por dereito de conquista, por doazón real ou por compra, pero, en todo, caso, vinculará todas esas propiedades ao patrimonio familiar. A lei de morgados, ditaminada polas cortes de Toro no 1505, dera forma inapelable a aquel principio de indivisibilidade. O nobre, en efecto, dentro da orde estamental, tiña como obxecto a defensa da sociedade. O seu exercicio era o das armas e non o traballo manual. A prohibición de traballar constituía para os membros da nobreza unha vantage ou un inconveniente, segundo se mire. De feito, moitos fidalgos dos séculos XVI ao XVII vivirán en extrema penuria. Naturalmente, se o nobre non pode traballar, deberá subsistir por outros medios, sobre todo en tempos de paz, concretamente das rendas da terra. Co seu patrimonio axudará tamén ao rei en tempos de guerra. E, a fin de que este patrimonio non se disperse co tempo, ten que pasalo íntegro

a un único herdeiro, de modo que a casa non diminúa.

Algo similar podería dicirse dos bens da Igrexa, e en especial das ordes relixiosas. O clero, secular ou regular, tiña a obriga de atender o culto divino e tamén a instrución da sociedade. O ensino estivera nas mans da Igrexa e a pesar de que coa Idade Moderna se consagra o tipo do intelectual laico, os eclesiásticos non abandonaron por iso a súa misión educadora, que ainda na etapa da Revolución Francesa seguía tendo unha grande importancia, sobre todo no ámbito local. Xa dende a Idade Media escasean as doazóns de ricos e persoas podentes a igrexas, cabidos, mosteiros e abadías. Estas doazóns mantivérонse a un ritmo decrecente durante a Idade Moderna ata o mesmo século XVIII; pola súa parte, a Igrexa adquiriu novos bens por compra (téñase en conta que se encontraba nas súas mans o 18% da propiedade en España, o 82% no val do Salnés). Case todas as terras da Igrexa (tamén nunha boa proporción as nobiliarias) eran traballadas por colonos que, na maioría dos casos, quedaban coa colleita e pagaban ao señor ou ao convento unha cantidade fixa, ou ben proporcional ao froito obtido. A forma máis favorable ao colono era a “enfiteuse”, posto que o convertía en case propietario, que podía legar, testar ou vender, non a propiedade, que non era súa, senón o uso da terra, que lle pertencia de pleno dereito. En xeral, pódese dicir que a Igrexa era máis xenerosa cá nobreza en canto ao réxime de colonato e renda, áinda que, como é lóxico, non pode particularizarse tal afirmación a todos os casos.

Un terceiro tipo de propiedades vinculadas pertencían aos concellos municipais. A orixe de tal sistema é igualmente moi diverso, e en parte data xa dos tempos da Reconquista. Os municipios tiñan autonomía económica, o que resultaba lóxico pois ao non recibiren axuda económica do estado do Antigo réxime, tiñan que autofinanciarse. Porén, no que respecta ás propiedades do municipio, hai que sinalar dous tipos ben distintos: primeiro, os bens comunais

(montes, prados, bosques, ríos etc.), que eran propiedade colectiva de todos os veciños e, por tanto, en concreto de ninguén. Servían para pasto, forraxes, leña e ata ás veces para pequenos cultivos, respectados por todos. E existían os bens de propios (terrás de mellor calidade, pero tamén rendas, muíños ou outra fontes de ingresos), que pertencían á corporación municipal como persoa xurídica. As terras, xeralmente, estaban arrendadas e destes ingresos fixos mantíñase a organización municipal, con todos os seus gastos e servizos.

Para España, de todas as propiedades vinculadas, a nobreza levaba a maior parte, logo seguía a Igrexa e, por último, os municipios. Hai que pensar que coas vinculacións nobiliarias había unha gran diversidade de roldas: dende o gran latifundio, abundante sobre todo no centro e sur de España, ata o pequeno morgado que apenas daba para vivir propio do norte. A Igrexa posuía menos terras, pero case sempre da mellor calidade, que non sempre se reflectía en altas rendas, polas razóns xa indicadas. E, por último, os municipios tiñan bens comunais moi extensos pero pola súa natureza de baixo rendemento: os propios que, pola contra, adoitaban ser de boa calidade, pero a súa extensión resultaba relativamente reducida. En termos xerais, pode admitirse que na España do Antigo Réxime estaba vinculado como mínimo o 70% das súas terras útiles. Así, as teorías desamortizadoras datan na súa integridade do século XVIII. De todos os xeitos, cómpre termos en conta, segundo estudos recentes de R. Herr, que a venda de bens eclesiásticos ordenada por Carlos IV en 1798, de acordo coa propia Igrexa, superou nalgunhas provincias a operación decretada por Mendizábal. Con todo as medidas desamortizadoras xa tiñan precedentes nas de Godoy, Cortes de Cádiz e Trienio Liberal.

Para Galicia, como xa se apuntou, hai catro características básicas que definen o agro do XIX: a permanencia do sistema foral, o minifundismo, os novos impostos e as leis desamortizadoras.

Respecto do primeiro dos aspectos, durante a centuria existiron varios intentos de eliminación do sistema foral que, desgraciadamente, non fixeron fortuna; moi ao contrario, no remate de século tiñanse as rendas forais por suculentos investimentos agrarios. Tamén o minifundismo era moi acusado no agro galego xa que na continuidade do sistema foral eran os labregos e non os señores os que dirixían a explotación agraria e aqueles, os encargados de cobrar as rendas que xeraban. O tamaño reducido das explotacións estaba en consonancia co elevado número de labregos. Se xa o sistema foral representaba unha carga insoportable para os anteriores, a partir de 1845, coa reforma de Mon Santillán, aparecen novas figuras tributarias: os trabucos e os consumos, que tanto campesiños coma arrendatarios debían pagar ás institucións da facenda estatal, provincial ou municipais en concepto de gravame ao consumo feito pola poboación. Debían ser pagamentos en diñeiro e fóra da sazón e do estacionario dos froitos agrarios. Dende 1845 ata 1881 o ritmo de crecemento destes incrementouse exponencialmente mentres que non o facía deste xeito a producción agraria. Así a situación, a eliminación dos foros suscitou moitas iniciativas no seo do pensamento económico galego pero habería que agardar ata o fracasado Congreso Agrícola de 1864 e, definitivamente, a 1873 para que entrase en vigor a Lei de Redención de Foros, defendida por Paz Novoa nas cortes da I República.

No que atinxe aos procesos de cambio na propiedade da terra merecen mención especial as desamortizacións, feitos que xa se adiantaron, que consistiron na privatización, mediante poxas ou redencións, de bens de procedencia eclesiástica ou comunal que viñan sendo explotados por campesiños gravados con desiguais cargas forais, privatización que non significará necesariamente que estes labregos accedan a esa propiedade senón que cambie de mans a titularidade das cargas, a miúdo para os intermediarios que as estaban xa explotando como indirectos posuidores. Na nosa terra a riqueza

que tiñan as institucións afectadas consistía, fundamentalmente, en foros e censos, ou o que é o mesmo, dereitos de percibir unha parte do se producía anualmente na agricultura (cereais, castañas, viños, metálico etc.). En Galicia vendéronse as rendas que pagaban os labregos e mesmo fidalgos pero non así as terras que as producían. Por esa razón continuaron como foreiros e rendeiros os mesmos que antes o eran dos mosteiros. En xeral, a súa influencia sobre a agricultura resultou escasa pero propiciou a aparición dunha nova clase de rendeiros agrarios: os compradores da desamortización⁴.

Os procedementos de privatización dos bens desamortizados son dous: a venda en pública poxa e, no caso de censos e foros, a redención (aceso á propiedade da terra por parte do labrador que a traballa mediante unha indemnización aos titulares do foro), pero esta apenas puido ser practicada pola tardanza na súa regulación eficaz, polo que predomina a primeira. A regulamentación de 1836 para executar as redencións recoñece o dereito dos foreiros a redimir os foros aínda que sexan a perpetuidade ou por tres ou máis vidas, e dállles un prazo de seis meses para exercelo; transcorrido este prazo, sairán a pública poxa. A redención faríase de xeito moi esporádico, aínda que se mantivo en vixencia moitos anos, acadando só o 4,8% de todas as rendas monásticas transferidas, polo que case todos os bens eclesiásticos desamortizados rematan en poxa pública⁵.

Entre os compradores destes bens desamortizados en xeral predominan xentes urbanas e os que xa tiñan unha relación cos bens poxados, normalmente intermediarios que mercan as rendas que eles mesmos viñan administrando, pero tamén hai nobres, como Apolinar Suárez de Deza (Gran señor das casas de Láncara, Bergondo, e outras, residente en Vilafranca e Ponferrada, no Bierzo, e comprador de foros noutros moitos lugares, como

⁴ VILLARES PAZ, RAMÓN: *Desamortización e réxime de propiedade. A Nosa Terra*. Vigo. 1994. P. 88.

⁵ Ibidem. P. 24.

Celanova, Bergondo, Asturias...). O número de fidalgos rurais que mercan bens desamortizados é pequeno, pero algúns fan desembolsos importantes: a familia Somoza del Río (Láncara), Inés Rosón (Cancelada, Becerreá), Antonio María Quiroga (A Pobra), os Peña e Canabal en Vilanova...

Así e todo, aínda que as consecuencias deste proceso non deixaron unha forte pegada no agro galego, si produciron significativos cambios cualitativos. Deste modo, seguiu en pleno vigor o modelo de estrutura da propiedade propio do Antigo Réxime xa que os foros dos mosteiros pasaron a ser de comerciantes vilegos e os fidalgos mantiveron os seus. A propiedade feudal quedaba intocable, moi ao contrario do que sucedeu noutras rexións españolas. A chegada á plena propiedade da terra, como eran as redencións ou eliminación dos gravames sobre ela, quedaron en suspenso ata o século XX.

En xeral, pode dicirse que as desamortizacions moveron un volume considerable da propiedade agraria en España e Galicia e, o que importa máis, permitiron un aumento moi substancial da superficie de terra cultivada. Neste sentido, cambiou de dono preto dunha terceira parte das terras útiles do país. Non obstante, estas conclusíons non dan pé para falarmos dunha verdadeira revolución agraria. É moi arriscado asegurar que a terra se reparciou mellor e, en conxunto, hai máis razóns para supoñer todo o contrario. Está practicamente comprobado que en zonas de latifundio (sur e oeste de España) a propiedade se concentrhou aínda máis. Nas de minifundio, como é o caso galego, non houbo, en cambio, concentración senón en todo caso o fenómeno inverso. Aquí o arrendatario, o foreiro, converteuse en propietario, e o subarrendatario, en arrendatario sometido ao novo dono. En ningún caso se aprecia unha notable racionalización dos cultivos ou un aumento da produtividade por unidade de superficie. Máis adiante veremos con claridade este fenómeno na venda de terras e foros por parte da familia Peña á de Llauger.

De todos os xeitos, non sería xusto negar aspectos positivos das operacións desamortizadoras. Por de pronto, a propiedade quedou libre da condición de estancada que inmobiliava a súa circulación. Desapareceron moitas terras improdutivas porque os novos donos, aos que lles custara os seus cartos, fixeron posible por conseguir delas mellores froitos. A superficie de terras cultivadas aumentou entre 1800 e 1860 un 80%, malia que non todo ese aumento foi debido ás incautacións ou cambios de dono. Por outra parte, o negocio foi dobre: para aqueles que compraron e para quen vendeu. No caso dos bens da Igrexa, non foi esta a beneficiaria senón o Estado. No da desamortización señorial ou dissolución de mordomos, as operacións favoreceron por igual a ambas as partes. Os novos propietarios buscaron obter da terra un maior froito e o resultado foi o considerable aumento da superficie cultivada á que antes nos referiamos. De seguro que o rendemento dalgunhas terras novas, é dicir, non cavadas ata entón, foi inferior ao das antigas, que resultaban, en xeral, as de maior calidade pero o produto agrario no seu conxunto aumentou; España pasou de importador a exportador de trigo e a fame endémica foi en gran parte desterrada. Pola súa parte, os vendedores encontráronse en posesión dunha parte considerable de diñeiro que podían investir á súa vontade. Non sempre se soubo empregar aqueles bens monetarios racionalmente, pero consta que algunhas empresas industriais ou de servizos da segunda metade de século (e de forma especial as ferroviarias) foron financiadas co producto da venda de terras. O mecanismo non nos é aínda debidamente coñecido, pero tense a impresión de que aquí se encontra un dos trazos máis positivos das operacións desamortizadoras.


Polo contrario, o lado negro localízase no social. A desamortización comportou unha transformación completa no réxime de propiedade e traballo da terra xa que afectou igualmente ás propiedades non desamortizadas. Así, como no sector industrial a dissolución dos

gremios non foi seguida doutras formas de traballo que asegurasesen a defensa do colono, o mesmo sucedeu no campo coa disolución do réxime señorial. Desapareceu a figura do colono; incluso algúns destes acomodados puideron mercar as súas propias parcelas e convertéronse en medianos ou pequenos propietarios; outros non puideron facer o mesmo e quedaron reducidos á condición de arrendatarios. Por exemplo, en Vilanova a burguesía industrial merca terras e rendas dos foros anexas pero non inviste os cartos en mellora das estruturas produtivas. Moi polo contrario, adopta unha posición de endogamia clásita e emparenta coa fidalguía en decadencia, por exemplo a dos Peña, que busca liquidez monetaria e a permuta por título nobiliario. Paradoxalmente, nunhas datas nas que a vila está a experimentar un extraordinario pulo na industria de transformados da pesca, faise patente a inexistencia de infraestruturas viarias, portuarias e urbanas que faciliten a chegada do peixe á fábrica e a saída do salgado ou conserva

cara ao seu *hinterland*. A burguesía local, lonxe de empregar cartos na mellora das deficiencias amentadas, recorre ao Estado para que tome cartas no asunto tal e como sucede coa construcción do dique portuario, nas secas das marismas dos Olmos ou de Vilamaior, na dotación de estradas coa contorna inmediata etc. Mentre isto sucede, Goday e Llauger mercarán propiedades e rendas na desamortización⁶.

Os novos amos, ou tamén os antigos, protexidos pola nova lexislación, preferiron o sistema de arrendamento a curto prazo, que permitía subir as rendas ao menor tirón do índice de prezo, ou expulsar o arrendatario pouco grato. Pola súa parte, o arrendatario, estreitado pola esixencia das novas rendas, non podía pagar salarios xenerosos aos peóns so pena de quedar sen beneficios. O sistema de contrata eventual de xornaleiros que só

⁶ LEAL BÓVEDA, JOSÉ MARÍA: *Breves apuntamentos para a historia gráfica de Vilanova*. Bañosprint. 2011. Pp. 139-170.



"Plano de la ensenada de Los Olmos en Villanueva de Arosa", ano de 1908.

atopaban traballo en determinadas épocas do ano foise xeneralizando en todas as partes. Así se foi consagrando a proletarización do campesiñado, un dos froitos más amargos da desamortización e, más áinda, do cambio de réxime da terra.

Todo isto fainos pensar nun curioso parálogo sociopolítico: Mendizábal previra entre os resultados da desamortización a consagración dunha burguesía propietaria que fose a más firme columna do réxime. Pero en realidade chegou a conseguir este fin? En efecto, moitas persoas accederon á propiedade, áinda que moitos dos compradores das terras xa eran propietarios, conque non terían cambiado de natureza senón tan só de categoría ou poder. Pero, como é explicable, todos estes propietarios, malia que quedaron vinculados ao réxime liberal que os enriquecera, se fixeron de inmediato amantes da orde establecida e inimigos xurados de calquera medida ulterior que implicase reforma ou revolución. Todos eles engrosaron as filas do partido moderado ata o faceren praticamente invulnerable. O liberalismo español quedou minguado e reducido a un grupo de coñecidos afaccionados á política. O progresismo de Mendizábal asinou, sen pretendelo, o enterro do seu partido por espazo de máis dunha xeración.

En definitiva, os beneficiarios das desamortizacións foron os propietarios rurais tradicionais, ata configurar unha burguesía terratenente composta de campesiños accommodados xa antes do proceso. Outro grupo conformában profesionais liberais (avogados, médicos...), comerciantes, funcionarios de pouco rango que vivían en vilas e localidades pequenas. Áinda que sobre este aspecto volvemos máis adiante, é significativo o ascenso social da familia Peña Cardecid na persoa de Francisco, avó do escritor Valle Inclán, que emparenta con Josefa Montenegro e Saco Bolaño. De profesión escribán aquel e de orixe fidalga esta, fanse coa maior parte da riqueza desamortizada por Mendizábal do priorado de Calogo en Vilanova.

Segundo Tomás y Valiente, entre os negociantes da desamortización tamén está a burguesía dos negocios que compra dende Madrid ou dende a capital da provincia en grandes remates, a miúdo a través de homes de palla. Non poderían faltar os grandes propietarios, polo xeral da antiga aristocracia, funcionarios diversos, militares etc. Bastante más escasos e raros son arrendatarios e pequenos propietarios.

Neste aspecto, apuntan Artiaga e Balboa⁷ que a meirande parte da riqueza da Igrexa galega estaba cedida a nobres, fidalgos ou campesiños a través de contratos forais. Así, cando o Estado nacionaliza o patrimonio coas corporacións eclesiásticas, obtén o dereito a percibir rendas e non predios en plena propiedade. Deste modo non se expulsaban os levadores do dominio útil, pero tampouco se modificaba o réxime xurídico da propiedade xa que o foro seguía vixente e os seus levadores quedaban obrigados ao pago a un novo perceptor. Isto afirmado explica o proceso desamortizador salvo na súa última fase. En definitiva, para Galicia e máis en concreto para a provincia de Pontevedra, o proceso redentorista tivo uns efectos bastante reducidos xa que tan só actuou sobre unha pequena parte da riqueza desamortizada, a posuída polo clero secular, parroquial na meirande parte, composta por partidas de rendas moi fragmentadas. En efecto, para Vilanova, o proceso saldarase, como logo veremos, coa adquisición por parte da familia Peña de terras e rendas espalladas por todo o concello⁸.

Para o caso galego, en xeral, constátase que a participación da fidalguía como beneficiaria da renda desamortizada foi escasa porque a súa posición de intermediaria na relación foral entre a Igrexa e os labregos non se vía ameaizada pola desamortización que, xa que logo, se

⁷ ARTIAGA REGO, A., BALBOA LÓPEZ, X. L.: "A agricultura do século XIX". En *Historia de Galicia*. Faro de Vigo. Vigo. 1991. Pp. 747-748.

⁸ Arquivo Llauger. Notaría de Pedro Sánchez. Arquivo Local de Vilanova de Arousa. En adiante, ALVA.

limitaba a un mero cambio nos perceptores. Se antes pagaba as rendas a un mosteiro, agora fárao probablemente a un comerciante pero, en definitiva, significaba que o campesiño que as xeraba continuase pagándollas a ela. Isto explíca a súa postura, reiterada ao longo do século, de defensa do réxime foral e rexeitamento do redencionismo⁹. Curiosamente, o caso vilanovés difire do antedito dado que é a fidalguía a que acapara fundamentalmente as terras e rendas desamortizadas. Ademais, a propósito disto, Francisco Peña, avó de Valle Inclán, de estirpe de vella escribanía, alcalde e concelleiro de Vilanova interrompidamente entre 1842 e 1867, militante da moderada Unión Liberal de tempos isabelinos, partidario dunha revolución de fasquía burguesa e gran beneficiario, xunto da súa familia, da desamortización das propiedades do mosteiro de Calogo, asiste no 1864 en Santiago ao Congreso Agrícola Galego, no que vota en contra da redención foral¹⁰ e, polo

⁹ ARTIAGA REGO, A. e BALBOA LÓPEZ, X. L.: *Ibidem*. Pp. 749-750.

¹⁰ PLANELLAS Y GIRALT, JOSÉ: *Congreso Agrícola Gallego (1864. Santiago de Compostela)*. Santiago: Sociedad Económica, [s.a.]. Imprenta de José Rodríguez Rubial. Edición dixital da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Número de Control: BDGA20080011970. Encabezo: Genealogía. Autor: José Planellas y Giralt. A crónica do congreso recollíala dese xeito Borobó no xornal *La Vanguardia*, martes 27 de xullo DE 19, con este título *CATALANES EN GALICIA*: “Planellas Giralt organiza el Congreso Agrícola Gallego de 1864 SIENDO SECRETARIO DE LA SOCIEDAD ECONÓMICA DE SANTIAGO: El Congreso Agrícola de Galicia. La labor de Planellas Giralt en la Sociedad Económica culmina en la organización del Congreso Agrícola Gallego de 1864, que también presidió Várela de Montes. El profesor catalán, además de ser secretario de la Comisión organizadora, fue uno de los cuatro secretarios del Congreso en sí. He aquí los nombres y los títulos de éstos: «Don Justo Pelayo Cuesta, diputado a Cortes, abogado y propietario. Don Eugenio Montero Ríos, catedrático de la Facultad de Derecho de la Universidad de Madrid. Don José Planellas, catedrático de la Facultad de Ciencias en la de Santiago y propietario. Don Antonio Valenzuela, catedrático del Instituto de Pontevedra y propietario». Todos propietarios, menos Montero Ríos, quien tardaría aún algunos años en comprar Lourizán. Pero ya destacaba el canonista santiagués por su habilidad

tanto, postúlase a favor da continuidade das rendas forais¹¹. Neste congreso, celebrado nas

— dialéctica y su ciencia jurídica. Fue, tal vez, en los debates del Congreso Agrícola donde comenzó a forjarse la figura política y la enorme influencia del máximo de los caciques. Don Justo Pelayo también llegó a ser ministro de la Corona, y fue, con Montero Ríos, uno de los fundadores de la Institución Libre de Enseñanza. Antonio Valenzuela, médico y naturalista, había de morir como un héroe de la ciencia, atendiendo abnegadamente a los apestados en una epidemia del cólera. Planellas —como único de los secretarios del Congreso residente, en Santiago, y, sobre todo porque en el profesor catalán solían descargar las tareas enojosas— reunió y publicó los «Actos, discursos o sus extractos y demás documentos de que se dio cuenta en esa reunión memorable, o que, con ese objeto, fueron remitidos a la secretaría de la Comisión». Los más ilustres gallegos de aquel tiempo aparecen interviniendo en el Congreso Agrícola, celebrado en el antiguo Monasterio de San Martín Pinario. Allí, con Várela de Montes y Montero Ríos, vemos a don Julián Obaya, el ardoroso orador del entierro de Aurelio Aguirre y director de la «Revista Económica», y a don Jacobo Gil, don Luis Rodríguez Seoáne, don Juan Manuel Paz Novoa, etc, etc. Planellas propuso en el Congreso un sistema de rotación en los cultivos gallegos: Trienal, para tierras de fondo y medianía, alternando maíz, trigo, trébol y remolacha. Cuadrienal, para, tierras ligeras, con patatas, centeno, neno, nabo gallego y maíz. Trienal, otra vez, para tierras fuertes y húmedas, en las que se plantarían habas, trigo, forraje verde y maíz. Aquel Congreso, tan brillante, hizo época en la historia de la complicadísima cuestión de los foros. Aunque de momento no sirvió para nada, como suele ocurrir. Pero acaso alguno de los estudios allí presentados, tales como los de Planellas, hayan podido servir de orientación a los que más adelante trabajaron científicamente en el agro gallego, por el cual tanto- se preocupó el ilustre naturalista catalán”. Sobre as cuestións relativas á idiosincrasia e desenvolvemento do congreso, ver VILLARES PAZ, R.: *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*. Siglo XXI. Madrid. 1982. Pp. 273-283; BARREIRO GIL, M. J.: “La generalización de la producción de mercancías y la modernización productiva de la agricultura en Galicia. 1876-1976”. WWW. e-archivo.uv3m.es:8080/dspace/bitstream/10016/1574/1/RHE-1983-I-2-BarreiroGil.pdf” -. Tamén PLANELLAS Y GIRALT, JOSÉ: *Congreso Agrícola Gallego de 1864*. Nota limiar de Ramón Villares Paz. Edición facsímil. Edicións do Castro, Área de Ciencias Agrarias. A Coruña. 1994.

¹¹ Resulta preocupante a coincidencia que establecen moitos autores, incluso dicionarios, entre os vocábulos *fueru* e *fóro*. Na nosa opinión significan conceptos distintos que, áinda que poden ter aspectos conceptuais coincidentes, non designan o mesmo. Segundo isto, os *fueros* locais, *fueros* mu-

dependencias de San Martiño Pinario, debatíase a necesidade de proceder a unha reforma en profundidade do réxime de propiedade. Enfrontáronse dialecticamente, por una parte, os sectores da nobreza máis reticentes a calquera modificación no seu estatus de perceptores de renda e, polo tanto, contrarios á reversión das propiedades aforadas ao dominio directo; pola outra, sectores da burguesía, profesionais liberais e, sobre todo, profesores da universidade de Santiago, defensores da adquisición en plena propiedade da terra por parte dos campesiños, é dicir, da reversión das propiedades aforadas

niciais ou, simplemente, *furos* (en catalán-valenciano *furs*, en euskera *foruak*, en ástur-leonés *fueru*, en portugués *foral*, en francés *for*) constituían os estatutos xurídicos aplicables nunha determinada localidade cuxa finalidade era, en xeral, regular a vida local, establecendo un conxunto de normas, dereitos e privilexios, outorgados polo rei, o señor da terra ou o propio concello. Pola contra, Miguel Artola define o foro como una fórmula de cesión de bens, xeralmente agrarios, que ten grandes analoxías co censo enfitéutico. A súa área xeográfica de maior difusión en España foi, sobre todo a partir do século XVI, o reino de Galicia, onde desempeñou un papel hexemónico na regulación das relacións sociais entre titulares de patrimonios territoriais e campesiños. Nado nos séculos XII e XIII, o foro, áinda escondendo baixo o mesmo nome realidades históricas diversas, mantívose en vigor ata o século XX. Un decreto lei de 1926 regulou, de acordo co Código Civil de 1889, a súa extinción mediante a redención e, posteriormente, a Compilación de Dereito Foral de Galicia fixou o seu termo legal en 1973. As características do foro derivan do feito de tratarse dunha cesión a longo prazo (tres xeracións ou vidas de reis) dun ben rústico ou urbano, a cambio da que o recipiendario debía pagar un canon ou renda anual, que adoitaba ser en especie, ademais doutras prestacións variables, entre as que destaca o laudemio. A existencia de foro supuña a pluralidade de dominios sobre a mesma terra. En consecuencia, o concedente reservaba para si o dominio directo e o concessionario convertíase en dominio útil. A aparición e consolidación do foro áchanse vinculadas ao gran protagonismo que na sociedade medieval galaica alcanzaron as institucións eclesiásticas, especialmente monásticas. Coidamos que dicionarios de castelán-galego, por exemplo da editorial Xerais, deberan ter isto en conta. Outros dicionarios, como o da Biblioteca de Consulta de Labrousse, si o fan. Para a cuestión foral e o atraso de Galicia nos albores do século XX, recomendamos a BARREIRO GIL, M., J.: *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. Servicio de Publicacións da Xunta de Galicia. A Coruña. 1990.

ao dominio útil. A postura triunfante decidiu conservar a institución foral tal como se encontraba sen necesidade de efectuar ningunha reforma. Curiosamente, non foron invitados a participar nestas xornadas os fomentadores da pesca pois considerábase que non vivían das rendas da terra¹². En realidade, tratábase de afastar da cuestión a burguesía industrial, militante activa do liberalismo en Vilanova e confrontada ás castas privilexiadas por mor do pago do décimo, entre outros feitos.

Con todo, a vixencia do foro resulta inquestionable xa que, ademais dos eclesiásticos afectados pola desamortización, as rendas pertencentes a perceptores laicos, nobres ou fidalgos permanecen intactas, sen se ver afectadas polas medidas reformadoras. Pero tamén é certo que a través da desamortización o réxime foral experimenta xa algúns embates, por pequenos que estes sexan, que se agudizarán no último cuarto de século. Por outra parte, a revolución liberal mina o poder e a riqueza da Igrexa, principal propietaria do dominio eminente sobre a terra, non só a través da desamortización senón tamén coa abolición dos décimos e primicias no 1837, o que significaba a eliminación da fiscalización eclesiástica. A este respecto, xa adiantamos como, segundo Calo Lourido, se recuperou a Igrexa deste embate, isto é, alugando predios que posuía na beira do mar, por exemplo, para erguer as salgas. Os agricultores galegos vense sometidos a un novo sistema impositivo tal e como o establecía a reforma tributaria de 1845 coa implantación da Contribución de Inmobilés, Cultivos e Gandaría¹³. Sobre a fiscalización que satisfacían os cidadáns vilanoveses xa temos adiantado noutras páxinas¹⁴.

¹² VILLARES PAZ, R.: *Ibidem*. Pp. 273-283.

¹³ ARTIAGA REGO, A. e BALBOA LÓPEZ, X. L.: *Ibidem*. P. 750.

¹⁴ As guerras carlistas, a fame xerada polas malas colleitas e os andazos das enfermidades infectocontaxiosas, a necesidade de arranxo das malfaitas vías de comunicacións, a inexistencia de infraestruturas urbanas etc. deixaron os petos municipais sen activos, que tiveron que reposerse por novas

Se o exposto ata o de agora é válido para Galicia, no tocante ao asunto desamortizador e foral en Vilanova a cuestión presenta matices diferenciadores que complementan o achegado por Artiaga e Balboa. Por todo isto, haberá que pescudar en que mans estaba a propiedade da terra antes de desamortizarse. Con referencia a isto, xa se apuntou en lugar precedente que no Salnés ata un 82% pertencia á Mitra Compostelá, o resto figuraba nas mans da pequena nobreza ou fidalguía e, polo que parece, pouco ficaba para os campesiños acomodados ou mariñeiro, que se ven atados aos estamentos superiores polo foro. En efecto, o contrato foral afecta á terra pero non ao tomador do foro, que podía transmitilo por herdanxa, arrendalo, allealo ou aforalo de novo. Por iso, cando se produce un aumento da poboación, como no século XVIII, o valor das terras aforadas crece paralelamente e ábrese a posibilidade dunha práctica tan vella coma o propio foro: a do subforo, consistente nun subarrendo do foro coas súas mesmas características. Con ela, quen antes era foreiro fronte a un orixinal podía converterse pola súa vez en rendeiro á conta dun terceiro, conservando incólumes todos os dereitos e obrigas¹⁵. Polo que parece, este foi caso predominante en Vilanova se atendemos aos vínculos e compras que fan membros das familias Peña, Valle-Inclán, Saco Bolaño e outras emparentadas¹⁶.


Para un sector da poboación rural, especialmente o daquelas persoas que viñan levando en foro grandes extensións de terra, nacía un tempo de moi boas expectativas. Subaforándoas, coas rendas actualizadas, e moito, respecto das más antigas que eles viñan pagando, podían ter acceso a beneficios económicos considera-

trabas impositivas ou por un incremento das existentes. Ver neste senso LEAL BÓVEDA, JOSÉ MARÍA: *Breves apuntemtos para a memoria gráfica de Vilanova*. Bañosprint. 2001.

¹⁵ BARREIRO GIL, M. J.: *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. Servicio de Publicacións da Xunta de Galicia. A Coruña. 1990. Pp. 58-59.

¹⁶ Remitímonos aos arquivos da familia Valle-Inclán xa citados anteriormente.

bles. Así, ocorreu que, cando a época do gran auxe da riqueza en Galicia, correspondente aos séculos XVII e XVIII, aumentaron as terras considerablemente de valor en poucos anos, puideron ser subaforadas por unha cantidade dez ou vinte veces maior ca aquela pola que se tiñan aforadas¹⁷. Unha mesma extensión de terra podía subdividirse varias veces para, cos aforamentos parciais, lograr rendas áinda moi superiores ás orixinais. E mesmo se podía



Torre-campanario do mosteiro de Cálago, anos 20, donde o que San Martiño Pinario controlaba as rendas que debían pagalle os vilanoveses. Fonte: Museo de Pontevedra. Cortesía de J. M. Leal.

establecer foro sobre foro cantas veces fose conveniente.

Para o que atinxo a Vilanova de Arousa, señorío do mosteiro de San Martiño Pinario e do Arcebispo de Santiago, dende os séculos XVII e XVIII víñase producindo un proceso de aforamento de terras á fidalguía local que á súa vez

¹⁷ BERNALDO DE QUIRÓS E RIVERA, PASTOR: *El problema de los foros en el noroeste de España*. Madrid. 1923. P. 29. Citado por BARREIRO GIL, op. cit. P. 59.

llelas subaforaba a labregos e pescadores. Des- te xeito, fóreronse conformando patrimonios considerables, como o de Miguel Inclán, que crea un vínculo e morgado no 1783 no pazo de Rúa Nova en András aproveitando os restos dunha antiga torre do século XIV. Os Peña Montenegro teñen aforadas terras dende mediados do XIX por toda a bisbarra: en Corbillón, András, As Sinas, Aduana, Caleiro, a Illa etc. Respecto da familia Del Campo, cabe significar a Lorenzo del Campo, asturiano pero veciño do Caramiñal, que se dedica a mercar terras na outra banda da ría de Arousa, en concreto en Vilanova. A súa filla M^a Luisa emparenta con Antonio Saco Bolaño, conque se consagra a unión coa Casa do Colo de Arca e a fundación no século XVII da Casa Grande da Xunqueira-Colo de Arco polos Saco Bolaño, co conseguinte vínculo e morgado.

En definitiva, para o comezo do século XIX, a Mitra Compostelá percibía multitud de rendas das terras de Vilanova a través da comunidade de bieitos establecida na casa denominada O Priorado¹⁸, hoxe restaurada con moi bo criterio. Todo parece indicar que a extensión, organización e modo de producción deste cenobio, coma outros da provincia, se caracterizaban pola amplitude, dispersión e estrutura interna moi continua. Pero por riba destas características aparece como nota predominante dos forais dos regulares pontevedreses a súa atomización interna¹⁹.

Sen dúbida, se exceptuamos as numerosas pertenzas eclesiásticas na bisbarra, a familia Peña emparentada dende o XIX coa Valle Inclán será outro actor de vital importancia no proceso de acaparamento de terras e rendas antes e despois do proceso desamortizador.

¹⁸ VALLEJO POUSADA, RAFAEL: *A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra*. Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1993. P. 147.

¹⁹ Ibidem. Pp. 22-23.

Pero tamén a Valle-Inclán é digna de mención. Segundo datos do arquivo familiar que constan na cátedra Valle-Inclán da Universidade de Compostela, parece ser que xa contan con carta de fidalguía outorgada pola Chancellería de Valladolid no 1556. Pero a efectos deste



Pazo da Rúa Nova. András. Vilanova de Arousa. Fonte: Museo de Pontevedra. Cortesía de J. M. Leal.

estudo interéstanos que esta familia comeza a constituirse a comezos do século XVIII, cando Pablo del Valle contrae matrimonio con María Antonia de Inclán Santos, residindo no porto de Vilaxoán, freguesía de San Martiño de Sobrán, Vilagarcía. Mais as súas raíces hai que rastrexalas non só na ría de Arousa senón tamén na provincia de León, dende a que o seus devanceiros se trasladan a Santa María de Bares, Mañón, A Coruña. Dende entón, algúns dos seus membros emparentan con outras liñas da familia Bermúdez Torrado e da Casa do Colo de Arca na Pobra do Deán, hoxe do Caramiñal, ás que xa se incorporaran outras como a familia del Campo, Bueno Cobián, Del Cantillo etc. As achegas de todas elas fixeron que o seu patrimonio fose en aumento estendéndose polos actuais concellos de Vilanova de Arousa, Boimorto, A Estrada, Santiago de Compostela, Forcarei, Touro, Boqueixón, O Pino, Vigo etc. A fortaleza da súa posición económica estaba baseada, pois, ao igual cá doutras familias coetáneas, na propiedade da



Vilanova de Arousa. Marisma de Vilamaior, hoxe Praza do Concello, nos anos 40. Ao fondo, magnolio do Cuadrante e Priorado. Fonte: Sagario García.

terra e na percepción das rendas derivadas do seu dominio²⁰.

Volvendo á familia del Valle-Inclán, destacan entre os seus membros Pablo del Valle, vecíño de Vilaxoán, que casa con M^a Antonia de Inclán, natural do Caramiñal. O seu fillo, Francisco del Valle-Inclán de los Santos, foi catedrático da niversidade de Compostela, reitor do Colexio de San Clemente e fundador da primeira biblioteca da universidade. Para o que nos importa sobre a propiedade da terra, temos que un fillo, José Antonio del Valle-Inclán, aparece nomeado como dono da casa e torre de Rúa Nova en András, Vilanova. Casará con Juana Malvido Rey e un dos fillos da unión, Carlos Luis del Valle-Inclán Malvido, unirse con Juana Bermúdez y Torrado, nacendo Ramón del Valle Inclán Bermúdez, que, á súa vez, emparenta en primeiras nupcias

con Ramona Montenegro Saco e en segundas coa súa sobriña, Dolores Peña Montenegro, filla de Francisco Peña Cardecid, persoa moi rechamante xa nestas páxinas. Desta unión nace o célebre escritor Ramón del Valle-Inclán Peña. Curiosamente, a primeira esposa de Valle Bermúdez morre no 1857 dun proceso de cólera mórbida que causa un forte andazo na parroquia de Vilamaior²¹. Parece ser que as relacións co seu sogro non eran boas por motivos persoais e políticos, máis orientados ao liberalismo por Valle Bermúdez, e vanse complicar áinda cando o 25 de marzo de 1865 este ten que casar de urxencia coa sobriña Dolores Peña, de Santa Cruz de Lesón, 1838, embarazada de oito meses e 15 anos máis nova ca el²².

Pero dos Peña xa temos noticias anteriores,

²⁰ PEREIRA PAZOS, M^a C. e PREGO CANCELO, B.: *Familia del Valle Inclán: descripción del fondo documental*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. 2008. P. 18.

²¹ Cuestión estudiada polos profesores Dolores Galdo e José María Leal en bibliografía anexa.

²² HORMIGÓN, JUAN ANTONIO: *Valle-Inclán. Biografía cronológica y Epistolario*. Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España. Madrid, 2006. Vol. I. P. 44.

de modo que o Padre Crespo os cita como ascendentes de D. Ramón del Valle-Inclán anotando que os do apellido De la Peña, de “*Villanueva de Arosa*” Cambados, Santiago etc. descenden do xeneral Peña, establecido na freguesía de Santa Cruz de Castrelo, inmediata á vila de Cambados, e, posteriormente, afincaron na propia Cambados e en Vilanova de Arousa, onde José Manuel de La Peña y Oña (irmán de Fernando de La Peña y Oña) é escribán de SM²³ e está casado cunha filla da Casa de San Adrián de Vilariño, tendo por fillo a D. Francisco de la Peña y Cardecid, que casou con Dª Josefa Montenegro y Saco Bolaño, dona da Casa dos Saco. Ademais, un antepasado, Antonio Ramón de La Peña, aforara no 1801 a Casa do Cuadrante, que a partir de 1846 pasará a ser a residencia habitual desta familia, como agora indicaremos.

Andando no tempo e neste contexto, para mediados de século as rendas que tiña aforadas a familia Peña, na persoa de Francisco Peña Cardecid, non pertencentes ás desamortizacións eran cuantiosas; así, vemos que recibía ...de los herederos de José Martínez de Currás, cuatro ferrados de maíz grueso, igual a ochenta y tres litros, cuarenta y cuatro centilitros..., ...de José Benito Núñez de San Mamed de Corvillón, cuatro ferrados ao sean sesenta y dos litros treinta y dos centilitros, y además tres ferrados de maíz grueso igual a cincuenta ao sean sesenta y un litros cincuenta y ocho centilitros..., ...de D. Manuel Chantada de dicho corvillón, nueve ferrados de pan mediado, equivalentes a cincuenta litros ventidos centilitros..., ...y de D. Manuel Prado de esta Villa dos ferrados y cuatro concas de pan mediado, igual a treinta y seis litros y treinta y seis centilitros...²⁴

Ademais disto, no 1856 tamén marca coa súa muller, Josefa Montenegro y Saco, o denominado foro das Aduanas, na parroquia de

²³ CRESPO POZO, JOSÉ SANTIAGO: *Blasones y linajes de Galicia*. IV T. Ediciones Boreal. Santiago de Compostela. 1997. Cfr. Inclán, T. 3º, pp. 124-125.

²⁴ Arquivo Llauger. Escritura de venda a Manuel Llauger, de 10 de abril de 1885, na notaría de José Carrera López, notario de Cambados. ALVA.

Santa María de Caleiro, ao matrimonio pontevedrés formado por José Villa Varela e Josefa Rita Godoy. Constabía o amentado foro de catro ferrados e medio de millo grosos e unha galiña que pagaban os herdeiros de Ciferiano Vidal. Outra renda aforada eran os catro ferrados e medio de millo e outra galiña a custa de José Ramón Martínez.

Para o período 1845-46, en pleno proceso desamortizador, suprímese o Priorado de Vilanova dependente dos bieitos de Santiago. *Suprimida esta comunidad religiosa y adjudicados sus bienes a la Nación, se procedió a su venta con las formalidades debidas; y en pública subasta fue rematada a favor de D. Francisco Peña, otorgándosele venta de él, á la vez que de otros, en nombre de la Nación por el Señor juez de primera instancia de Cambados a media de escritura de diez de Enero de mil ochocientos cuarenta y seis...* Entre estes bens figuraban o foral denominado das Besadas, de dez ferrados de mediado, igual a un hectolitro, cincuenta y cinco litros y ochenta centilitros que (...) satisfizo en lo antiguo la viuda de Manuel Leiro y hoy satisface D. Daniel Rial Portas²⁵. Neste lote mercado no 1846 ía o pleno dereito da Casa do Cuadrante, na que xa vivía. Ao contrario ca nas terras e rendas anteriormente citadas, permuto o Cuadrante por outra propiedade que tiña en Corbillón, Cambados, tamén procedente da desamortización. Ao final do proceso fixérase con catorce foros nos que inviste 77.910 reais de vellón²⁶.

Outros membros da familia Peña favorecidos pola venda desamortizadora serán José Peña, monxe exclaustrado de Carrión de los Condes, que no 1822, en pleno Trienio Liberal logo do pronunciamento de Riego contra o absolutismo sátrapa de Fernando VII, se fai coa rendas pertencentes á Casa de Monacales

²⁵ Arquivo Llauger. Escritura de venda outorgada por Dª Josefa Montenegro y Saco e Dª Dolores Peña Montenegro a favor de Manuel Llauger Peña en 20 de setembro de 1890. Notaría de Pedro Sánchez López, residente en Cambados. ALVA.

²⁶ VALLEJO PUSADA, R.: *A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra. 1836-1884*. Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1990. P. 152.

de San Xulián da Illa de Arousa. Pero á par de Francisco Peña irá o seu irmán Joaquín Peña, monxe exclaustrado que merca terreos en Corbillón, Vilanova, a Illa etc., pola cantidade de 3.002 reais de vellón e vinte foros en 101.405 reais de vellón²⁷.

Pero os Peña non foron os únicos beneficiados con este proceso xa que outro comprador importante de terreos do clero regular no período 1836-1844 foi o veciño de Caleiro, Joaquín Canabal, apelido tamén entroncado cos Goday por casamento, que se converte no segundo adquirente en importancia da provincia de Pontevedra con 9.010 reais de vellón empregados. Nacera en Cores, San Roque do Monte, freguesía de San Miguel de Deiro, o 23 de outubro de 1789, fillo de María Manuela Mariño e Bazán e de Francisco Canabal (fiel *Administrador de Rentas Provinciales de la Jurisdicción de Villanueva de Arosa*). Era neto por liña paterna do escribán do mosteiro de Santa María de Acibeiro, Antonio Canabal e de Antonia Fernández (o apelido segundo Catastro de Ensenada era Rodríguez pero na partida de bautismo consta Fernández). Os seus avós maternos eran Benito Antonio Mariño de Amoedo e Francisca Bazán. Casou con María Francisca del Valle-Inclán y Malvido o 5 de xuño de 1814, na parroquia de San Lourenzo de András. Vivió no peirao de Vilamaior e en San Roque do Monte, onde faleceu o 26 de marzo de 1882 aos 92 anos de idade. Nestas datas estaba viúvo e consta que cando menos tivo tres fillos: Jesús María Canabal del Valle (tataravó de Jesús Canabal Pombo, o noso informante), quen casa con Josefa Jiménez Peña (filla do escribán José Cándido Jiménez López e de María del Carmen Peña Cardecid), Josefa Sara e Antonio. Posiblemente tivera outro fillo de nome David²⁸.

Desempeñou varios cargos municipais, así no 1835, en pleno proceso de conformación de Vilanova como concello constitucional coa

desaparición da antiga xurisdicción da Lanzada, figura como rexedor síndico xeral. É elixido alcalde no 37 e no 47 está entre os meirandes contribuíntes do municipio, do que tamén sería depositario²⁹. O seu fillo Jesús María Canabal chegará a ser secretario municipal. Seu irmán Tomás Canabal y Mariño, periodista de tendencia liberal, foi oficial de *Rentas na Pobra do Caramiñal* e Santiago de Compostela, onde chega a ser *Director de Rentas* cunha remuneración de 10.000 reais. Á súa morte no 1829 lega a Joaquín todos os seus bens³⁰.

Queda claro, pois, que a fidalgúía, neste caso de “puño e letra”, convertíase nun factor principal no proceso de acaparamento da terra amortizada pola Igrexa dende o medievo e das rendas que xeraba. O outro grupo social predominante neste proceso constituírao a burguesía, como imos ver decontado.

Xa no Trienio Liberal, 1820-23, os institutos afectados pola desamortización eran os bieitos e bernardos da provincia con tres mosteiros, Poio, Lérez e Armenteira, e oito priorados: Simes, A Florida, Aios, Varcia do Seixo, Santallos, Raxó, Arra e Vilanova de Arousa. Entre todos posuían 28 propiedades urbanas e 86 rústicas, cunha superficie de 1.129.761 m². Así, Ángel García Fernández, comerciante coruñés ligado ao comercio e manufactura do liño, adquire 54 bens pertencentes aos mosteiros de Lérez e Poio, así como aos dos priorados de Simes, A Florida, Aios e Vilanova de Arousa³¹. Para 1844 tamén aparece como comprador da denominada Granxa da Rochela ou de Ande, de 55 ferrados e seis cuncas de superficie, sita en Santo Estevo de Tremoedo e pertencente ao mosteiro de Santo Domingo de Pontevedra, Juan Ricoy, comerciante de Vilanova. Pero, sen

²⁹ Libros de Actas do Concello de Vilanova de Arousa. ALVA e arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo.

³⁰ Arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo.

³¹ MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, BLANCA: “A desamortización eclesiástica durante o Trienio Liberal na Provincia de Lugo”. En VILLARES PAZ, RAMÓN (Ed.). *Donos de seu*. Barcelona. Sotelo Blanco. 1988. P. 88. Citado por VALLEJO PUSADA, R. P. 78.

²⁷ Ibidem. P. 150.

²⁸ Arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo.

dúbida o comerciante máis afamado para o que nos ocupa era Juan Goday, que tamén entra no proceso, de modo que figura como comprador de terreos do clero regular por valor de 49.300 reais de vellón e 22 foros por 73.403 reais³².

A respecto disto, procesos similares estabanse a producir por toda a ría tal e como o constata González López³³, quen apunta unha dobre cara da ría de Arousa, a dos “fidalgos de pazo” e a dos “comerciantes”, que florecen dende o século XVIII nos portos de Vilaxoán, Vilagarcía e, sobre todo, Carril, que segundo este autor era o principal centro comercial da ría, do que se servía a clase mercantil da cidade de Santiago, daquela, coa da Coruña, a máis importante de Galicia³⁴.

Todo indica que no proceso desamortizador non só participou a burguesía coruñesa ou de Santiago, como se apunta dende estudos clásicos neste tema,³⁵ senón que tamén se involucrou a de ámbito local, como o de Vilanova. A implicación de Goday, un dos máis importantes fomentadores de Galicia, e de Llauger, ambos de ascendencia catalá, é manifesta e ratifica esta afirmación. Segundo o apuntado por Tomás y Valiente³⁶, quizás debésemos poñer de manifesto a necesidade de estudos de ámbi-

to local que dean máis riqueza e detalle aos provinciais ou do país galego xa clásicos.

Na liña de J. Nadal recollida por X. Carmona parece que a desamortización desviou cara á propiedade uns recursos financeiros que, doutro xeito, poderían dedicarse á industria³⁷. Carmona incide moito máis nisto cando afirma que a compra de rendas forais por parte da burguesía urbana emparentada coas actividades comerciais e industriais supoña non só a desviación para a terra dun capital que se puidese investir na industria, senón a introdución (ou consolidación) deste grupo social na complexa organización das relacións de producción agrarias³⁸. Outros, como Eiras Roel, estiman que a desamortización galega, coma a doutros lugares, inmobilizou grandes masas de capitais que se rouban aos investimentos empresariais máis propios do tempo e que reclamaba con urxencia o progreso económico do país³⁹.

Vallejo Pousada achega matices dignos de ter en conta a estas afirmacións e dubida de que a desindustrialización de Galicia se debe-se exclusivamente ao desvío destes capitais burgueses cara á terra. Así mesmo, hai que presupoñer que os capitais investidos terían a súa rendibilidade e, como consecuencia, fluírian cara aos centros urbanos, cunha posible reutilización en calquera actividade económica remunerada. Ante a degradación das actividades comerciais e industriais que canalizasen os investimentos, é certo que capitais urbanos fluíron para o medio rural (...). Outro cantar é que, na medida en que as clases urbanas adquiriron foros desamortizados, axudaron a lastrar ainda máis as inercias no campo, contribuíndo a lexitimar e perpetuar o réxime de propiedade e de explotación agraria. Colaborarían, deste xeito, a consolidar unha agricultura pouco

³² VALLEJO POUSADA, R.: pp. 149 e 152.

³³ GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *Luis López Ballesteros (1782-1853). Ministro de Hacienda de Fernando VII*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. 1987. Pp. 7-8.

³⁴ Citado por VALLEJO POUSADA, R.: p. 114. Quizás non se decatan nin Vallejo Pousada nin González López da importancia que nestas datas xa está adquirindo o porto de Vilanova, xa dende o século XVI, feito que atrae a un grupo non pouco importante de comerciantes relacionados coa transformación da pesca, viños, panos e outros produtos. Por outra banda, parecen esquecerse de que, ata entrado o século XIX, Carril é o porto de Vilagarcía, que non haberá de contar con instalacións adecuadas ata a construción do peirao de madeira do Ramal. Nota do autor.

³⁵ Ver o traballo de Vallejo Pousada citado nestas páxinas, que segue en determinados aspectos a Villares Paz ou Xan Carmona entre outros.

³⁶ TOMÁS Y VALIENTE, F.: “El proceso de desamortización de la tierra en España”. En www.artic.uva.es/biblioteca/u85/documents/1868.pdf.

³⁷ NADAL, J.: *El fracaso de la revolución industrial en España. 1814-1913*. Ariel. Barcelona. 1975. P. 83.

³⁸ CARMONA BADÍA, J.: *El atraso industrial de Galicia*. Ariel. Barcelona. 1990. P. 42.


³⁹ “Prólogo”. En QUINTÁNS VÁZQUEZ, Mª C.: *El dominio de San Martín Pinario ante la desamortización*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago. 1972. P. 15.



Vilanova de Arousa. Dársena 1915. Fonte: J. M. Leal

produtiva, que constituía o lado da demanda, un deficiente estímulo para o desenvolvimento industrial⁴⁰.

Polo que nos toca, insistimos na necesidade de reducir o obxecto xeográfico de estudio, é dicir, deberemos acudir ás análises de historia local para termos unha idea máis precisa do acontecido. En efecto, na Vilanova de Arousa de finais do XIX, Manuel Llauger, un dos meirandes contribuíntes por riqueza industrial locais, mercaba terras e




Vilanova, 1915. Proxecto de dársena portuaria do 1915. Ver mapa ampliado na páxina seguinte.


Fonte: Portos de Galicia. Reelaboración: Chantada, Leal

foros aos Peña Montenegro. Pero unha lectura atenta dos libros de actas municipais para a mesma etapa de entreséculos constata o escaso desenvolvemento das infraestruturas urbanas e portuarias da vila. Así, nuns momentos en que o núcleo contaba con doce fábricas de salga e conserva, a corporación municipal láiase da inexistencia de vías de comunicación que enlazasen o centro fabril coa periferia comarcal ou provincial. No mesmo senso, constátase a inexistencia de servizo de telégrafos e correos; iluminación pública; saneado das marismas do Esteiro en Vilamaior, que orixinaban frecuentes andazos de tifo e cólera; praza de abastos e

⁴⁰ VALLEJO POUSADA, R.: *A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra. 1836-1884*. Deputación de Pontevedra. 1990. Pp. 108-109. O autor cita á súa vez a BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: *Historia Contemporánea de Galicia. Vol. IV. Economía y Sociedad*. A Coruña. Gamma. 1984; ALONSO SANTOS, L.: *Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia (1778-1818)*. Xunta de Galicia. A Coruña. 1986; GARCÍA LOMBARDERO, X.: "Transformaciones de la economía de Galicia en los siglos XIX y XX. Estado de la cuestión", en SÁNCHEZ ALBORNOZ, N.: *La modernización económica de España, 1830-1930*. Alianza Editorial, Madrid. 1973 e CARMONA BADÍA, J.: "Producción téxtil rural e actividades marítimo-pesqueiras na Galicia, 1750-1905". Tese doutoural. 1983.



Vilanova, 1915. Proxecto de dársena portuaria do 1915, que pretendía dotar de infraestructuras viarias e de atraque á vila e ás instalacións de transformación do peixe.



Fonte: Portos de Galicia. Reelaboración: Chantada, Leal

almacén de mercadorías etc.

Pero o máis grave era que, tendo consolidada una boa trama de industrias de transformación da pesca, non se disponía dun dique de atraque e abrigo que dese servizo ás instalacións fabrís. Pola contra, as lanchas cargadas de peixe tiñan que atracar ou varar nos numerosos areais dos que dispúña o núcleo, encarecendo e dificultando o proceso de transporte da materia prima aos centros industriais. Amais diso, non existe unha vía de comunicación principal que articule o núcleo urbano e o conecte co *binterland* inmediato. A solución a estes atrancos virá da man do ministro de Fomento, o galego Augusto González Besada, a quen se acode na procura de axuda económica posto que as arcas municipais non contaban co numerario necesario⁴¹.

Así e todo, reconécedo os efectos sobre a economía da crise finisecular, que agora explicaremos, a falla de atractivos onde investir os cartos por parte da burguesía e o panorama desolador que presentan as infraestruturas urbanas, portuarias e produtivas en Vilanova, cabe cuestionar por que non se inviste en *inputs* de mellora da produtividade e, pola contra, os cartos se derivan cara á renda e a posesión da terra. Non supoñía un atractivo económico mellorar a produtividade?, ou era preferible que as infraestruturas se realizasen con cargo ao Estado? Resulta curioso que, mentres que a fidalguía vilanovesa, áinda que de ton liberal progresista, representada por Ramón del Valle Bermúdez, pai de Valle Inclán, entre outros labores colaborador de Murguía na súa *Historia de Galicia*, alcalde de Vilanova na etapa máis progresista xurdida da Revolución de 1868, membro da Real Academia de Historia, secretario do Gobernador Civil etc.; ademais inviste na sociedade para a construcción do ferrocarril de Santiago a Carril, a burguesía industrial dos Llauger, e destina unha parte do seu capital ás

⁴¹ Sobre o desenvolvemento urbano de Vilanova de Arousa entre o século XIX e mediados do XX, ver; LEAL BÓVEDA, JOSÉ MARÍA: *Breves apuntamentos para a memoria gráfica de Vilanova*. Bañosprint. 2011.

propiedades e rendas agrarias, como veremos más adiante⁴².

En definitiva, segundo apunta Fontana: *la burguesía no fue revolucionaria (...ni no político ni no económico...) mientras no lo precisó, mientras el Estado le aseguró con su poder parte de la tajada, mientras las trabas del sistema no impedían su desarrollo.*⁴³

Para o caso que nos ocupa, Vilanova de Arousa, parece evidente que a desamortización que máis afectou á propiedade da terra foi a eclesiástica e nela a Igrexa perdeu a base do poder económico, pero compensouselle fortemente mediante o sostento a cargo do orzamento público e o predominio no ensino. Véxase como exemplo o ano 1842, no que se constitúe varias veces a comisión vecinal do reparto de contribución para a dotación do clero e se reúnen aos distintos párrocos das igrexas para procederen ao reparto deste. En total para o ano mencionado, o clero faise coa suma de 9.925,46 reais extraídos de diferentes impostos de riqueza rústica, industrial e comercial, regulación económica municipal para o clero e orzamento de culto⁴⁴.

No reparto tributario por riqueza territorial e pecuniaria ponse de manifesto o peso específico das parroquias do interior, que son as que máis cotizan, en función dunha economía baseada nas actividades agropecuarias. Así, Baión faino con 2.050 reais; Caleiro, 1.429; Tremoedo, 1.410; a Illa, 1.258; e Vilanova con 375. Chama a atención a Illa, onde se mesturan as actividades propias da terra coas de explotación do mar.

Se atendemos á riqueza industrial e comercial, a orde de importancia varía e outra vez

⁴² Por isto non nos parece desacertada a afirmación referida aos estudos de ámbito local.

⁴³ FONTANA, J.: *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*. Barcelona. 1973. P. 41

⁴⁴ Libros de Actas do Concello de Vilanova de Arousa. Ano 1842. As comisões que se encargan do reparto estaban formadas por diferentes cargos, fiscais e depositarios, e nelas adoitan repetirse algunos veciños en cada sesión. Por Vilanova sobresaen Joaquín Llauger; por Caleiro, Francisco de Leiro; e na Illa, Vicente Nine. ALVA.

ponse en evidencia a actividade económica predominante en cada parroquia. Por este concepto susodito enxergamos que a Illa contribúe con 918 reais; Baión, 466; Vilanova, 460; Caleiro, 250; e Tremoedo con 200. As contradicións entre un interior más virado cara á terra, pobre, e un litoral que mira ao mar, menos pobre, cando menos no que atinxé ás clases poderosas (nobreza, clero e burguesía) pero moito menos ás clases mariñeiras, evidéncianse exponencialmente.

Aínda así, tras a desamortización de Madoz, na que a Igrexa sae claramente castigada polo seu apoio á causa carlista, rómpese co Concordato e no 1837 suprímese o décimo, feito que se deixará notar no número de compoñentes e no seu sustento. A Igrexa perde os décimos, que se viñan negando a pagar os cataláns e pescadores que traballaban para eles, pero recupéraos en arrendamentos, tal e como apunta Calo Lourido para o caso do Grove⁴⁵, onde no 1803 o párroco de San Vicente, Diego Antonio Medina, afora, cede e traspasa a Domingo Lanza Trelles, veciño de Pontevedra e antigo propietario dunha fábrica de salgado en Moreiras, e a Cosme de la Isla Covián *ciento y ochenta quartas de longitud y ciento quarenta de latitud* dun monte e baldío chamado Moreiras do que era dono e señor, no lugar de Reboredo. Don Domingo e Don Cosme deberán deixar para os veciños de Reboredo *intacta, franca y expedita* a servidume dos carros, argazos e aproveitamentos que o mar deixe a carón do almacén. Por outra parte, deberán pagar a don Diego catro reais anuais en concepto de dominio directo, así como o décimo de toda a pesca segundo o estilo e costume de San Vicente do Grove, é dicir, un congro de cada trece, unha sardiña

de cada trece e do resto dos peixes un de cada dez⁴⁶. En efecto, a meirande parte das terras do litoral ou do interior está nas súas mans e son administradas por igrexas, mosteiros, casas de cobranza etc., que se dedican a aforar a labregos e, en menor medida, a mariñeiros⁴⁷.

Neste contexto, instalados en Vilanova, os monxes de Calogo exercerán un control absoluto no económico, social, político e espiritual



Ábsida do mosteiro de Cálago, anos 20. Fonte: Museo de Pontevedra. Cortesía de J. M. Leal.

sobre as xentes, quizabes máis ainda do que puidesen exercer dende Calogo. No contexto de crise do XVII comeza a emerxer unha fidalguía de base agraria que serve de correa de transmisión entre a Mitra Compostelá e este clero vilego, mediante o aforo de terras que logo subafora aos campesiños. Con estes precedentes, vaise creando unha maridaxe entre clero, a través do Priorado, e fidalguía, por exemplo os Peña, que brandirán a súa man de ferro sobre as terras vilanovenses. Os sucesivos decretos desamortizadores do XIX haberán de restarlle peso específico á Igrexa ao tempo que llelo aumentan aos fidalgos.

No relativo á desamortización xeral de Madoz de 1855, que afectou a todo tipo de bens, eclesiásticos, universidades, concellos,

⁴⁵ CALO LOURIDO, F.: "A Igrexa perde os dezmos pero recupéraos en alugeres. Un caso no Grove". En *Aunios*. N° 2. 2000. Pp. 48-49.

⁴⁶ Ibidem. P. 48.

⁴⁷ Ibidem. P. 49.

hospiáis etc., diremos que non tivo demasiada repercusión no noso concello. Certo é que en Galicia se privatizaron amplas masas de bens comunais que antes pertencían ás aldeas e concello e eran aproveitados de forma colectiva. Son os que Villares Paz denomina “bens de propios”⁴⁸. Verbo disto, no país galego ponse de manifesto que os bens vendidos non eran de propios e comunais máis que nun un por cento. A razón de que non houbese “propios” que desamortizar hai que buscalo no feito de que os concellos eran de recente creación pero tamén en que a meirande parte do territorio galego se aproveitaba en forma de monte que quedaba á marxe da desamortización e, polo tanto, da posibilidade de privatizalo⁴⁹. Os montes continuaron nas mans das comunidades aldeás ou parroquiais, explotados comunitariamente segundo os usos locais. Por iso, o sostemento deste complexo agrario tradicional perdurará ata a segunda década do século XX, cando se poña en marcha, definitivamente, a redención dos foros. Amais dos aproveitamentos colectivos nos montes, tamén se deron en agras e vilares de toda Galicia, e os pastos das chairas veiguntas seguiron realizándose mediante acordos das comunidades campesiñas, que foron quen de manter unha extraordinaria solidariedade interna⁵⁰.

Dende 1748 a política forestal dos Borbóns estaba dirixida a subministrar de madeira á mariña, que a través dos intendentes dos departamentos de Ferrol, Cádiz e Cartagena supervisaba os plantíos, conservación etc., de todos os montes, fosen de propios, comúns ou particulares, sitos a menos de 25 leguas (138

km) da costa. Os veciños obtiñan a cambio o aproveitamento das leñas, monte baixo, landas, pasto para o gando e un real de vellón por cada cóbado cúbico de madeira de carballo, e catro reais cando se tratava de faia, sobreira, carrasca ou chopo branco e negro. Deste xeito, os montes, a pesar de estaren sometidos a unha administración especial, proporcionaban aos veciños certos beneficios⁵¹.

En Galicia quedaban dentro da xurisdición de mariña, representada polo Intendente de Ferrol: ...*todos los montes de la costa del Reyno de Galicia dende la desembocadura del Miño hasta la raya de Asturias, en que se comprehenden las provincias de Tuy, Santiago, Coruña, Betanzos e Mondoñedo: en las qualeas se cuentan setecientas veinte u nueve dehesas y cotos Reales, separados de los montes comunes de los pueblos y feligresías, contenidos en las jurisdicciones de las ciudades Villas y lugares cabezas de partido, que componen las referidas provincias en la forma siguiente: en la provincia de Tuy se comprenden las jurisdicciones de la Puente de S. Payo, Villanueva de Redondela, Valle de Miner, villa de Guarda, Tomiño, Coto, Pinar de Barrantes, ciudad de Tuy, Porriño, Santantuño y Soto Mayo, con ciento y tres dehesas y cotos reales... En la provincia de Santiago, ...Bea, los Baños, Caldas, Peñaflor, Villanueva de Vrosa, Carril, Trabanca, Saude Sierra, Sobrán, coto de Loenza, Coto de Usodatorre, Santo Tomé Domar, Fefiñanes, Lanzada, Elgrobe, Pontevedra y Cangas.*

Establece Artiaga Rego que a posesión dos montes por parte da mariña impedía a idea liberal de libre disposición da propiedade, por iso o Decreto de 14 de xaneiro de 1812 suspendía toda a lexislación en materia forestal, concedendo aos propietarios total liberdade de uso e disposición sobre o monte e os seus produtos. Suprimía tamén todo o aparello administrativo de Ramo, eliminando os tribunais extraordinarios e devolvendo a xurisdición aos ordinarios. Neste momento quedan definidos

⁴⁸ VILLARES PAZ, R.: *Historia de Galicia*. Obradoiro Santillana. Vigo. 1998. P. 89.

⁴⁹ ...*La Ley de 1º de Mayo de 1855, en su artículo 2º, párrafo 9, los exceptúa de la renta; y la del 11 de Julio de 1856 en su artículo 1º hace la misma excepción, por manera que toda la legislación vigente sobre desamortización reconoce la imprescindible necesidad de conservar ciertos montes y baldíos en los pueblos, para su aprovechamiento y poder sostener el ganado de labor.... Libros de Actas do Concello. Ano de 1861. ALVA.*

⁵⁰ *Ibidem*. P. 89.

⁵¹ *Norísima Recopilación, t. III, libros VI e VII*. Pp. Citada por ARTIAGA REGO, A.: *A desamortización na provincia de Pontevedra (1855-1900)*. Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1991. P. 135.

os montes públicos no sentido contemporáneo, é dicir, montes pertencentes ao Estado, *pueblos e Corporacións Cívís*⁵².

É evidente que esta desamortización resultaba prexudicial para os intereses das comunidades aldeás, xa que vián perigar a súa propiedade sobre uns espazos de moita valía posto que era onde soltaban a pastar o gando e dos que extraíán leña, froitos, herba e, mesmo, sementaban. Dende logo, a reacción dos veciños non se faría esperar perante a administración pública, principalmente os concellos. En efecto, a desamortización, en xeral, obrigou á administración pública a destinar unha parte dos seus recursos a organizar, controlar e transferir estas riquezas. Puxo a proba a nacente administración pública das provincias e dos seus responsables políticos, dende os intendentes ata os xefes políticos (logo gobernadores cívís), que en cuestión de semanas se viron na obriga de inventariar unha enorme masa de riqueza procedente de mosteiros e conventos⁵³, pero tamén de concellos, comunidades veciñais, universidade, hospitais etc.

Os concellos tiveron non poucos problemas cos veciños e coa administración central dado que aqueles non entendían a diferenciación establecida no decreto da desamortización entre un ben propio, vendible, dun comunal, que se exceptuaba. Se no momento de promulgarse a lei a veciñanza levaba facendo uso durante vinte anos dun predio sen reportar ningún pago ao concello, esa terra estaba exenta da venda. Polo contrario, en caso de que o concello recibise ingresos, o terreo entraba na categoría de “alleable”. Ademais destes bens, quedaban exentas de venda as devesas destinadas a pasto de gando de labor logo de informar sobre o tema ás corporacións municipais e ás deputacións. Segundo Artiaga Rego, fixábase un prazo dun mes para que os organismos citados fixesen os oportunos expedientes de excepción

nos que debían constar: a veciñanza da aldea; as condicións agrícolas, comerciais e industriais desta; a extensión e circunstancias dos terreos afectados expresando a súa pertenza aos propios ou comunais e o destino que tiveran ata ese momento; e, finalmente, o número e clase das cabezas de gando existentes destinadas a labor⁵⁴. A tramitación dos expedientes por parte municipal foi lenta e custosa, tanto pola propia inexperiencia e falla de medios e persoal destas institucións coma pola presión que os veciños exerceron sobre elas para que fosen redactados ao seu favor⁵⁵. Neste senso, a administración central laiábase da neglixencia coa que a local levaba este tema pero viuse na obriga de ampliar constantemente os prazos de entrega da documentación, a pesar de mandar peritos agrimensores para facer a medición e taxación dos montes baldíos e comunais correspondentes.

Así sucede en Vilanova no 1861, cando un grupo de veciños acode ao concello ante o temor que estaban suscitando as medicións realizadas por orde do *Comisionado de Ventas de Vienes Nacionales de la Provincia*. Sospeitábase que se puxeran á venda as terras comunais, polo que os veciños quedarían sen a posibilidade de fornecer de pasto o gando de labor e perderían as colleitas. Na súa protesta facían ver ao concello que ...*por el comisionado de ventas de vienes nacionales de la provincia Don José Villa Varela, se mandó al perito agrimensor Don José Otero y Dios que en unión de otro nombrado por el síndico de esta corporación, procedieron al reconocimiento, medición y tasa de los baldíos y montes comunales que hay en el distrito; en cuya operación se hallan entendiendo, con gran disgusto del vecindario, siendo tal la alarma y lamentos de los labradores, que en grupos acuden en queja á este Ayuntamiento contra tal medida, recelosos de que lleguen á ponerse en subasta, y se les prive de este pequeño recurso que tienen para echar á pacer sus ganados de labor, pues quedarían enteramente imposibilitados de*

⁵² Ibidem. Pp. 135 e 173.

⁵³ VILLARES PAZ, R.: “Desamortización”. En *Gran Enciclopedia Galega*.

⁵⁴ ARTIAGA REGO, A.: op. cit. 143.

⁵⁵ Libros de Actas do Concello de Vilanova de Arousa. Ano de 1861. ALVA.

poder sostenerlos, y por consiguiente de poder cultivar sus terrenos, y de arrendamiento. En tal conflicto, el Ayuntamiento no puede menos de estender acta de lo que ocurre, y convenir dende luego como conviene que la esigenza de aquellos es muy justa, porque son ya tan pocos y reducidos los baldíos y montes comunes que hay en el distrito, que apenas alcanzan para el pasto y recreo de dichos ganados de labor...⁵⁶.

Advertíase

tamén que ...Serían pues incalculables los perjuicios que se seguirían á este distrito consistente en 1.547 vecinos destinados su mayor parte á la agricultura (...). Por de pronto en esta villa que se cuentan sobre 40 pares de bueyes, destinados al trabajo, se reducen sus baldíos comunes á unos seis ferrados donde llaman el Campanario, y á unos cincuenta en el

Bornal, de ínfima calidad y á la villa más; y estas dos fincas de tan insignificante valor, son las que el comisionado de ventas Don José Villa Varela, manda medir y tasar, sospechándose sea para poner en venta...⁵⁷.

A corporación tomou cartas no asunto e fixolle caso aos veciños, de modo que promove un expediente⁵⁸, co visto e prace da Deputación e do Comisionado de Ventas, que remata en outubro de 1861 coa exclusión da venda dos comunais mencionados por parte da Administración de Propiedades y Derechos del Estado, e o recoñecemento da propiedade a nome dos

aldeáns. A lentitude e complexidade do proceso queda reflectida en que para as mesmas datas áinda había trece concellos que non presentaran tal solicitude⁵⁹. Fica confirmada, así, a afirmación anotada anteriormente de Villares Paz no sentido de que en Galicia poucos montes do común se venderon na desamortización de Madoz.



Vilanova de Arousa. O Cabo desde o Terrón, anos 1930. Fonte: M. J. Reigosa

Porén, si se mercan predios, tal e como fai Ricardo Alvarellos, veciño de Vilanova, que compra terreos no seu propio concello e na parroquia de Godos, de Caldas de Reis. E tamén fai o propio Manuel Goday investindo por valor de 680 reais, que, como xa sabemos, era industrial do salgado de Vilanova e accionista do ferrocarril⁶⁰. Quedou anotado xa que no Trienio Liberal, xunto a Llauger, é membro destacado da Milicia Nacional no noso concello e toma parte activa nos acontecementos destas datas, ata o punto de quedar fóra da lei unha vez restaurado o absolutismo fernandino.

⁵⁶ Libros de Actas do Concello de Vilanova de Arousa. Ano de 1861. ALVA.

⁵⁷ Libros de Actas do Concello de Vilanova de Arousa. Ano de 1861. ALVA.

⁵⁸ Xunto dos concellos de Lavadores, Portas, Bueu, Bouzas, Mourente, Vilaboa, Marín, Xeve, A Guarda, Salcedo, Alba, Meis, Carril, Vilaxoán, Crecente, Covelo, Arbo, A Caixa, Oia, Porriño, Tui, Rosal, Nigrán, Gondomar, Baiona, Salceda e Ribadumia.

⁵⁹ Estes eran Lalín, Carbria, A Golada, Dozón, Rodeiro, Silleda, Cambados, Meaño, Sanxenxo, O Grove, Saiar, Poio e Cangas. ARTIAGA REGO, A.: op. cit. P. 147.

⁶⁰ ARTIAGA REGO, A.: op. cit. Pp. 184 e 189.

1.1. A FIDALGUÍA DE PAZO DE PUÑO E LETRA. OS VALLE-INCLÁN E OS PEÑA CARDECID E SACO BOLAÑO.

As orixes da fidalguía galega teñen moito que ver co período belicoso de comezos da Idade Moderna. En efecto, rematadas as guerras irmandiñas, a alta nobreza galega instálase en territorio cortesán a carón dos reis de Castela. Ese baleiro estamental vai sendo ocupado por unha nobreza de baixa estirpe que ten diversa e variada procedencia. Unha parte dela, que habemos de considerar minoritaria, áinda pode entroncar por liña directa de baronía cos seus antepasados remotos de orixe fidalga, que fundaran os primeiros morgados da casa pouco antes de mediados do século XVI e que ampliaran o patrimonio desta á conta do mercado da terra, basicamente entre 1580 e 1650. Bastantes máis procedían de ramas familiares, tamén troncais, que arrincaran de segundoxénitos destas antigas casas fidalgas, ou de individuos que estiveran ao servizo delas, xeralmente desempeñando o cargo de escudeiros, que tamén aparecen plenamente asentadas a mediados do cincocentos. Pero a gran maioría adquirira máis recentemente (entre 1650 e 1750) o status de fidalguía pola vía política matrimonial e unhas estratexias de reproducción social moi calculadas. Os seus primeiros antepasados, que se decantaron por ennobrecer o seu sangue, eran xentes procedentes do ámbito do dereito, da milicia, do clero, do comercio, das vellas escribanías locais e mesmo tamén, mercé á enorme polarización que experimenta a sociedade galega nesta etapa histórica, dos sectores máis avantageados do escaso campesiñado acomodado, con suficiente capacidade económica como para acumularen excedentes agrarios.

Xunto destes desiguais ritmos de acceso á fidalguía e as heteroxéneas orixes sociais por parte de quen a integra, tamén se achán de pano de fondo á hora de explicar a gran diversidade compositiva deste maioritario sector nobiliario a mediados do século XVIII, as distintas opor-

tunidades de acumular un patrimonio extenso á vez material e inmaterial, ou, pola contra, de más reducidas dimensións. Así que a estas alturas tan avanzadas da Época Moderna galega, resulta praticamente insalvable o abismo económico, e incluso intraestamental, que separa o reducido grupo de casas fidalgas que foran capaces de acumular uns ingresos superiores a 1.000 Hl anuais, basicamente en cereais e viño, grazas a unha exitosa política secular de entroncamentos familiares e a unha formidábel capacidade para actuar sobre o mercado da terra. Ademais, mesmo debemos consideralas perfectamente integradas na elite de rendeiros laicos xa urbanizada do reino, daquela outra maioritaria fidalguía rural modesta cuxos patrimonios agropecuarios resultaban, en ocasións, de menores dimensións cós do campesiñado acomodado que residía nas proximidades da súa casa grande e que, debido a esta circunstancia, se viron obrigados a traballar directamente as súas explotacións agrícolas.

Agora ben, todos os fidalgos gozaban de gran recoñecemento e prestixio social naquelas poboacións próximas ao lugar de emprazamento do predio orixinario da súa casa, verdadeira pedra angular do seu capital simbólico. Constituíron a expresión máis requintada da sombra do Antigo Réxime que se prolonga polo século XIX adiante. Perderá algunas atribucións coa crise do Antigo Réxime pero conservará a principal: o seu nome, os seus pazos con circundos traballados por caseiros e administradores, e unha morea de partidos de rendas, cos seus pagadores ben rexistrados en memorias e libros de contas⁶¹. Estas construcións foran edificadas ou en ocasións reedificadas sobre antigos restos medievais e eran a expresión máis característica da residencia nobiliaria, na que moraban decotío, áinda que, no caso das familias máis acomodadas, tan só en contadas ocasións ao longo do ano.

Precisamente, a mediados do século XVIII,

⁶¹ VILLARES PAZ, RAMÓN: *Historia de Galicia*. Obra-doiro Santillana. 1998. P. 96.

estes maxestosos edificios residenciais, que áinda hoxe en día poboan a campiña e os vales galegos, contaban cunha enorme carga simbólica de vital importancia para as familias fidalgas que os posuían, posto que non só eran o centro económico en torno ao que viraban multitude de intereses labirínticos en ocasións, senón que representaban en si mesmos o éxito destas familias que, xeración tras xeración, residiran dentro das súas paredes xestionando un patrimonio amortizado en sucesivos vínculos. Non en van, as súas grosas murallas e paredes constituían unha metáfora perfecta da solidez do modelo de familia troncal, propio da fidalguía galega moderna, baseada nun sistema de reproducción social centrípeta que

tiña na casa o seu verdadeiro epicentro organizador⁶².

Este foi o caso da familia Valle-Inclán, na que conflúen outras varias ao longo do tempo, a través de enlaces matrimoniais que levan aparellados a acumulación dos propios bens en forma de terras, foros, rendas etc. A marcada endogamia existente entre os desta clase fixo que a comezos do século XVIII constitúan matrimonio Pablo del Valle, natural de Santa María de Bares pero veciño da freguesía de San Martiño de Sobrán, con María Antonia de Inclán Santos, natural do Caramiñal. A posteriori usual no XIX, as ramas da súa árbore xenealóxica levarán o zume doutras familias de idéntica liñaxe e así emparentarán cos descendentes



Pazo de la Rúa Nova, anos 60. András. Vilanova de Arousa. Fonte: Museo de Pontevedra. Cortesía de J. M. Leal.

dos Bermúdez Torrado e da Casa de Colo de Arca, que tamén se unirán cos Del Campo, Bueno Cobián, Del Cantillo etc. As sucesivas achegas a este patrimonio familiar estenderon a súa presenza por un ámbito xeográfico amplio e diverso que pasaba por Vilanova de Arousa, Boimorto, A Estrada, Santiago de Compostela, Forcarei, Touro, Boqueixón, O Pino, Vigo... Do mesmo xeito, ían sustentando a súa posición económica, baseada, ao igual ca

toda a fidalguía da época, na propiedade da terra e nas rendas que xeraba o seu domínio⁶³.

Volvendo aos Valle-Inclán, destacan entre os seus membros Pablo del Valle, veciño de Vilaxoán, que casa con Mª Antonia de Inclán, natural do Caramiñal. O seu fillo, Francisco

del Valle-Inclán de los Santos, foi catedrático da Universidade de Compostela, reitor do Colexio de San Clemente e fundador da primeira biblioteca da Universidade. Para o que nos importa sobre a propiedade da terra, vemos que un fillo, José Antonio del Valle-Inclán, aparece nomeado como dono da casa e torre de Rúa Nova en András, Vilanova. Casará con Juana Malvido Rey e un dos fillos da unión, Carlos Luis del Valle-Inclán Malvido, unírase con Juana Bermúdez y Torrado, nacendo Ramón del Valle Inclán Bermúdez, quen, á súa vez, emparenta en primeiras nupcias con Ramona Montenegro Saco e en segundas coa súa sobrina, Dolores Peña Montenegro, filla de Francisco Peña Cardecid. Desta unión nace o célebre

⁶² PRESEDO GARAZO, ANTONIO: "Dinámica de casa y reproducción social en la hidalguía gallega durante el siglo XVIII". En *Espacio, Tiempo y Forma, Serie IV, Historia Moderna*, t. 17, 2004, pp. 117-141.

⁶³ PEREIRA PAZOS, Mª DEL CARMEN e PREGO CANCELO, BEATRIZ: *Archivo de la familia del Valle-Inclán. Descripción del fondo documental*. Cátedra Valle-Inclán. Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. 2008. P. 18.

escritor Ramón del Valle-Inclán Peña⁶⁴. Pero, dos Peña xa temos noticias anteriores porque un antepasado, Antonio Ramón de la Peña, aforara no 1801 a Casa do Cuadrante, que a partir de 1846 pasará a ser a residencia habitual desta familia, como agora indicaremos.

Neste punto debemos lembrarmos dos monxes José e Joaquín Peña como dous grandes acaparadores de rendas e terras da desamortización eclesiástica narrada anteriormente. Estes dous personaxes son fillos do matrimonio formado por Serapia Fernández-Cardecid Amado⁶⁵ e José Manuel de la Peña y Oña⁶⁶, unión que frutificará en nove descendentes: cinco varóns e catro mulleres⁶⁷. Da lectura do codicilo, 1834, da primeira podemos

⁶⁴ PEREIRA PAZOS, Mª DEL CARMEN e PREGO CANCELO, BEATRIZ: *Archivo de la familia del Valle-Inclán*. Descripción del fondo documental. Cátedra Valle-Inclán. Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. 2008.

⁶⁵ Natural da parroquia de San Cipriano de Calogo en Vilanova de Arosa, naceu o 2 de maio de 1760. Era filla do cirurxián de Cambados (segundo consta no Catastro de Ensenada da parroquia de San Mamede Corvillón, páxina 22, que é onde vivían en 1752), Andrés Fernández Cardecid, e de Teresa Amado Padín, veciños da citada parroquia de Vilanova. Morre en Vilanova aos 82 anos, o 3 de febreiro de 1842. Na inscrición da súa defunción dise que ao morrer tiña 72 anos. Esta afirmación, xunto a que nalgúnha inscrición máis é citada polo nome de Serapia M^a del Carmen, fainos dubidar de se non se tratará, en realidade, de dúas irmás distintas, das que a primeira, nada en 1760, finou pouco despois e se lle puxo o mesmo a unha nova nena, costume moi habitual por aquelas datas. En distintos documentos está citada polos dous apelidos paternos Fernández e Cardecid (ou “Cardesid” como fórmula galeguizada) no que é, sen dúbida, un claro exemplo de apelido composto, debido moitas veces ao meirande presixio social do segundo, que parece ser o caso.

⁶⁶ Era probablemente natural da parroquia de Santa Cruz de Castrelo, en Cambados, onde estaban aveciñados seus pais, áinda que na inscrición de bautismo da súa filla M^a del Carmen dise que nacera de Caleiro. Debeu vivir entre 1753 e 1829 e era fillo de Julián Peña Avalle e de Maríña Josefa Oña Ozores e Andrade. O apelido Valle (ou quizais mellor “Avalle”), que aparece na inscrición de bautismo da súa filla Carmela, é evidentemente o segundo de seu pai.

⁶⁷ Outros datos sobre os fillos da familia son os seguintes: *Maria del Carmen Serapia Peña Fernández-Cardecid*: natural da



Parte posterior do Cuadrante, 1954. Véxase o avanzado estado de deterioro. Fonte: Merchi Santos

parroquia de San Cibrán de Calogo de Vilanova de Arousa, onde naceu o día 4 de xullo de 1790 e se bautizou o día 7 dese mes. Era filla de José Manuel Peña Oña e de Serapia Fernández-Cardecid. Tivo ao menos oito irmáns, dos que coñecemos catro: José Andrés, Ambrosio, Joaquín e Teresa de Jesús. Probablemente outro debeu ser Francisco. Casou na parroquia de San Cipriano de Vilanova o 1 de agosto de 1818 con José Cándido Jiménez López, co que que tivo polo menos seis fillos: Ángela (1819); María Josefa (1821), avoa en cuarto grao da actual familia Canabal Pombo; e más Carmen, Manuela, José e Manuel. Con dez anos foi madriña de bautismo de seu irmán Joaquín. Faleceu en Vilanova o día 1 de decembro de 1849 á idade de 59 anos. A súa filla, Josefa Jiménez Peña, casa con Jesús María Canabal del Valle (fillo de Francisca del Valle-Inclán y Malvido e de Joaquín Canabal y Mariño) o 17 de maio de 1857 en ceremonia oficiada polo frade Manuel Peña. *Teresa de Jesús Peña Fernández-Cardecid*: natural da parroquia de San Cibrán de Calogo de Vilanova de Arousa, onde naceu o día 19 de xuño de 1812. Era irmá de María del Carmen Serapia. *Tomasa Peña Fernández-Cardecid*: era posiblemente natural da parroquia de San Cibrán de Calogo de Vilanova, irmá de María del Carmen Serapia, avoa en quinto grao da familia Canabal Pombo. Casou con Francisco Llauger Fábregas, empresario catalán, fabricante de

entresacar datos que nos informan sobre a liñaxe e posición económica da familia; así, vemos que afirma ter herdado de seu pai *con más una arca de cedro y un bufete de lo mismo que heredé de mi difunto padre D. Andrés Fernández Cardecid cuia arca y bufete se hallan en ésta que habito con mi marido.*

Sobre a súa situación familiar; fillos, marido etc., dise no testamento: *Ítem declaro hallarme legítimamente casada con Don José Manuel de la Peña y Oña, de cuio matrimonio tengo por hijos legítimos a Doña María del Carmen Peña y Cardecid, casada con*

salgados de peixe. *Francisco Peña Fernández-Cardecid:* existen dúbidas sobre o seu lugar de nacemento áinda que na partida de bautismo do seu neto, Ramón María del Valle-Inclán consta que era natural da Illa de Arousa, obviamente fillo de José Manuel Peña Oña e de Serapia Fernández-Cardecid e irmán de María del Carmen Serapia. Polo menos, iso é o que se deduce da xenealoxía de Ramón María del Valle Inclán, na que se cita como marido de Josefa Montenegro Saco, coa que tivo por filla a Dolores Peña Montenegro, nai do famoso escritor. Ben é verdade que os apelidos que del se citan son Peña Cardecid, mentres que os de M^a del Carmen Serapia son Peña Fernández-Cardecid. Pero tense a sospeita de que tamén a M^a del Carmen se lle citaba por aqueles apelidos, prescindindo do “Fernández”. Ademais, da propia xenealoxía despréndese que Ramón María descendía do matrimonio de Julián Peña Avalle e María Josefa Oña Ozores, e sería demasiada coincidencia que non o fixese pola mesma rama que M^a del Carmen, tendo os comúns apelidos. Foi xuíz municipal de Vilanova e nesta condición resulta ser quem fai a declaración de defunción do seu cuñado, José A. Cándido Jiménez López. *Joaquín Peña Fernández-Cardecid:* natural de San Cibrán de Calogo, onde nace o 7 de decembro de 1800, irmán de María del Carmen Serapia, quen foi madriña de bautismo. *José Andrés Peña Fernández-Cardecid:* oriúndo da parroquia de San Cibrán de Calogo, onde nace o día 5 de marzo de 1792. *Manuel Peña Fernández-Cardecid:* era probablemente natural da parroquia de San Cibrán de Calogo áinda que non está plenamente documentada a súa existencia. Segundo a inscripción de voda de M^a Josefa Jiménez Peña-Cardecid, filla de M^a del Carmen Serapia, actuou como presbítero celebrante un tal Manuel Peña, monxe exclaustrado, polo que supoñemos que se trata deste. Todos os datos aquí vertidos, que van dende a cita 27 a esta, pertencen a Jesús Canabal Pombo e Abelardo Santos Cardama, que os extraen de diferentes documentos familiares, como inscripciones de bautismos, inscripciones de matrimonios, inscripciones de defunciones, testamentos, codicilos, xenealoxía de Ramón María del Valle Inclán da Catedra Valle-Inclán etc., das persoas citadas. Nós limitámonos a transcribilos ao galego.

Don José Cándido Ximenez, Fray José Peña monje benedictino del Real Monasterio de San Jorge de Carríon de los Condes, Don Ambrosio Peña subdiácono, Fray Leandro Peña asimismo benedictino del Real Monasterio de San Julián de Samos, Fray Torcuato Peña, igualmente benedictino del Real Monasterio de Celanova, Doña Tomasa Peña casada con Don Francisco Llauger, Don Francisco Peña casado con Doña Josefa Montenegro y Saco, y Doña Teresa Peña soltera y en mi compañía, que todos en la actualidad viven en sus respectivas casas y conventos a excepción de Don Ambrosio subdiácono y el Don Francisco que aunque asisten en mi compañía es temporal, pero la Doña Teresa ha sido y es fija y lo será mientras viva o tome estado; y atendiendo a su amor y cariño con que siempre me ha tratado y espero lo continúe en lo adelante por su buen porte y servicio que me está haciendo desde mi imposibilidad, como que tiene a su cargo y cuidado todas las labores de casa, en remuneración de tan buenos servicios.... Ademais, dos monxes bieitos déixase constancia de que ítem declaro que con los tres monjes benedictinos se han gastado más de doscientos ducados con cada uno para equiparlo y ponerlos en el estado en que se hallan.

O 15 de xaneiro de 1842, xa en avanzada idade, viúva e enferma Serapia, esta outorga un codicilo que detalla máis amplamente as disposicións testamentarias, ratifica en todas as súas partes o testamento anterior pero engade que *atendiendo a los buenos servicios que le viene prestando su hija D^a Teresa Peña que se halla soltera en su compañía siendo la que le asiste y cuida en sus dolencias, es su deliberada voluntad dejarle para siempre jamás y después de su fallecimiento, ademas de lo que ya le tiene legatado en el mentado testamento (fai referencia ao anterior documento), la pieza de terreno que llaman las Searas, terminos de esta citada villa segun en el dia se halla y la posee actualmente la otorgante. Por igual orden legata a su hija Doña Tomasa que se halla casada fuera de su compañía la pieza nombrada de los Anobados? a labradio y la parte que hace asimismo a labradio en donde se dice Los Montiños (ilexible) que lo divide unas piezas aquí expresadas se las deja a las dos referidas abentajadamente ademas de lo que les quepa en partijas quedando en su fuerza y vigor los más legatos hechos en el testamento citado a favor de las*

dos mencionadas, y de su hermano francisco Peña con la expresa condición de que siempre y cuando los más hermanos fuesen contra cualquiera de dichos legatos, se entiendan desde abora los tres agraciados, mejorados en el tercio y quinto de todos sus vienes, derechos y acciones, principiando a hacerles sus respectivas porciones en lo que ba legata de tanto por virtud del mentado testamento como por el presente instrumento que quiere y es su voluntad que ambos se cumplan y hagan cumplir y ejecutar en todas sus partes a la manera que ba expresado sin tergiversación alguna. (flexible) de lo cual así lo digo, otorga y no firma por (ílexible) no saber, y a su ruego lo ejecuta uno de los testigos presenciales que a todo ello lo fueron Juan de la Cruz Arias, Esteban de Prado y Gonzalo de Portas todos vecinos de esta villa de todo lo cual y conocimiento doy fe⁶⁸. O documento ficaba asinado polo escribán José María González Rubio.

Máis adiante, xa finada Serapia, no reparto de heranza de data 26/IV/1842, especificase que *presentes el presbítero Don José Peña residente en la villa de Cambados, Don Joaquín Peña de esta villa (Villanueva de Arosa), Don Manuel Peña residente en la de Celanova, Don Francisco, Doña Teresa Peña, Don José Cándido en representación de su esposa Doña Carmen Peña y Don Francisco Llauger en representación de la suya Doña Tomasa Peña, todos de ésta villa. También deja declarado en dicho testamento que con los tres hijos Don José, Don Joaquín y Don Manuel ha gastado con cada uno más de doscientos ducados para hacerlos monjes benedictinos. Don Manuel Peña renuncia y repudia su herencia en favor de sus hermanos no religiosos. Don Joaquín y Don José Peña piden recibir sus partes correspondientes que disfrutarán en vida y después de su fallecimiento pasará a sus hermanos. Por igual orden declaran que su hermano Ambrosio Peña, subdiacono nada tiene que percibir de dicha herencia por estar separado con su patrimonio vitalicio que le han hecho la Doña Serapia y el Don José Manuel Peña a fin de llegar al estado sacerdotal el que sigue usufructuando como lo hacia ya en vida de los petrucios⁶⁹.*

⁶⁸ Codicilo que outorga Serapia Fernández Cardecid, en Villanueva a 15 de Enero de 1842. Arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo.

Dedúcense das liñas anteriores a paternidade de catro fillos relixiosos, a saber, Manuel Peña, bieito no mosteiro de Celanova; Joaquín Peña, bieito no Real Mosteiro de Samos; José Peña, bieito no Real Mosteiro de Carrión de los Condes; e Ambrosio, crego e subdiácono. Deles, Joaquín e Ambrosio participarán activamente, con Goday e Llauger, en partidas liberais contra personaxes absolutistas da bisbarra sendo procesados penalmente e perseguidos, polo que haberán de tomar refuxio durante certo tempo. Alonso Álvarez recolle que xunto dos irmáns Manuel e Juan Goday e Francisco e Juan Llauger, Mauro Sabor, Antonio Cardalda, Salvador Rosell, Juan Cardona (xenro de Fidel Curt), Juan Rovira, Salvador Sabater, José Oliver e outros forman parte da Milicia Nacional local, que é posta fóra da lei logo do Trienio Liberal e co retorno ao absolutismo de Fernando VII. Por iso, uniranse ás tropas do tenente coronel constitucional Jerónimo Piñeiro dedicándose a secuestrar suxeitos adictos ao rei, como o cacique escribán da vila de Cambados, Joaquín A. Torrado, quen, segundo o fiscal do reino que instrúe a causa contra os anteriores, era *dueño del país, como es natural lo sea un escribano de número de sus circunstancias, y lo son todos en los campos de este reino, y de los curas de la Puebla del Deán y Caramiñal y más individuos que componen los ayuntamientos de estas villas⁷⁰*. Como nos dicía un vello profesor: vivir para ver; monxes exclaus-trados convertidos en acérrimos defensores da causa liberal que mercan terras e rendas na desamortización eclesiástica. Todo semella que Ramón del Valle-Inclán tiña moita materia prima de onde extraer o esperpento.

⁶⁹ Arquivo Persoal de Jesús Canabal Pombo, a quem lle agradecemos o seu desprendemento á hora de facilitarnos información sobre as familias Peña, Cardecid, Canabal, Pombo, Goday, Llauger e outras.

⁷⁰ ALONSO ÁLVAREZ, L.: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-1830)*. Ed. Akal. Madrid. 1976. P. 94. Ver tamén; ALLEGUE, G.: “De damas y frailes”. En revista *Cuadrante*, nº 7. Asociación Amigos de Valle-Inclán. Pontevedra. 2000. Pp. 29-48.

1.2. A APARICIÓN DA CLASE BURGUESA NO XVIII ASOCIADA Á EXPLOTAÇÃO DO MAR E Á TRANSFORMACIÓN DA PESCA. AS RELACIÓNIS DE CLASES.

Este mundo de privilexios ve agromar a mediados do século XVIII unha incipiente e activa clase burguesa relacionada co comercio, en principio, e logo coa explotación do mar, que tende a rachar os seus fundamentos. En efecto, como é ben sabido, cara a 1750, data aceptada pola historiografía clásica sobre o tema, comezan a chegar a terras galegas moreas de comerciantes, homes de negocios etc. procedentes en boa parte de Cataluña pero tamén das terras vascas, a Maragatería etc. Os cataláns arriban ás nosas costas en barcos cargados con viño e panos fundamentalmente, e regresan con sardiña salgada principalmente.

Ante a crise da sardiña no Mediterráneo destas datas e da abundancia das nosas rías, instálanse creando nas praías factorías de transformación da pesca que logo distribúen na súa meirande parte por Cataluña, en pleno proceso de revolución industrial, áñida que tamén polo Sur e Levante. Neste senso, a finais do reinado de Carlos IV estímase que en Galicia había unhas catorcentas factorías de salgado por todo o litoral, con profusión nas rías de Muros-Noia, Arousa, Pontevedra e Vigo⁷¹.

Traían consigo cartos, o que contrastaba coa evidente penuria de medios e fame dos

⁷¹ MEIJIDE PARDO, A.: “Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa. (1870-1830)”. Comunicación presentada ao I *Coloquio de Historia Económica*. Barcelona, maio de 1972. A Coruña. 1973. Pp. 5-6.

patrianos, pero tamén incorporarán novos métodos de traballo no mar, aparellos, embarcacións e abrigo, e unha nova forma de salgar o peixe que o fará máis competitivo e duradeiro ca aquel realizado co tradicional escochado galego⁷². Este feito amósase moi relevante de cara ás exportacións ao territorio peninsular xa que a sardiña prensada polos cataláns ten máis duración cá escochada polos galegos, que oxida pronto coa calor. Chama a atención sobre esta casta o seu carácter asociativo, fortemente empresarial, vinculada politicamente co



Vilanova de Arousa. Ensenada dos Olmos e o Cabo, 1958. Fábricas de salazón. Fonte: J. M. Leal

liberalismo practicante, que haberá de preitear hostilmente cos privilexios da Igrexa.


Son infinitas las fábricas de sardinas que trabajan todos los años los catalanes, cuya cosecha y fabricación de ella empieza en agosto y dura hasta fin de febrero. Ejercitados desde su emigración en este tráfico, en pocos años se hicieron ricos, como se puede probar de muchos que, de sólo en adquisiciones que han hecho, ya disfrutan de uno, dos o tres mil ducados de renta y de un gran giro en pie del mismo peso, vinos y aguardientes;

⁷² Sobre a historia da instalación dos fomentadores cataláns nas nosas costas deberá acudirse a obras de autores clásicos como Carmona Badía, Santos Castroviejo, López Capón, Alfonso Álvarez, Sánchez Cidras, Cerviño Meira, Fernández Aldeangunde, Mariño del Río, Arturo Romaní, Calo Lourido, Luisa e Antonio Mejide Pardo etc., e aos decimonónicos Lucas Labrada e Díaz de Rábago, entre outros.



Vilanova de Arousa. Ensenada dos Olmos e o Castro. Fábricas de salazón.
Fonte: J. M. Leal

y aún con su industria han mantenido y fomentado a muchos de sus paisanos que, con bastante pobreza, han venido a su amparo y abrigo, siendo una progresión feliz de parientes y paisanos del mencionado reino de Cataluña⁷³. As transformacións que produciron os cataláns no económico, social, político e cultural foron de tal magnitud, que o que antes fora



Vilanova de Arousa. Zona do Castro, 1958. Fábricas de salazón. Fonte: J. M. Leal

xa non volverá ser, e, neste aspecto, destacan os numerosos preitos encarados coa Igrexa perante o intento por parte desta institución de perpetuar uns privilexios que condenaban o país galego á miseria e á emigración.

A poboación patriana, sen bens de fortuna

⁷³ VÁZQUEZ FIGUEROA. ms. 4434, fol. 144. Museo Naval de Madrid. Citado por Meijide Pardo. Op. cit. P. 6.

e reducida á indixencia, pasará a depender totalmente dos novos señores do mar, de modo que xa Lucas Labrada advirte que nos labores do salgado e prensado se ocupa a meirande parte das mulleres das aldeas, mentres que a case totalidade dos pescadores nativos, engadido o denominado terrestre⁷⁴, se dedica ás tarefas da pesca e ao seu adubo conserveiro.

Nestas, todo apunta a que o céñit desta afluencia e instalación ten que ver cos finais do XVIII e principios do XIX. Así, para estas datas, no que atinxé á banda dereita da ría de Arousa, temos constancia de máis

dunha vintena de fábricas instaladas principalmente en Vilaxoán e Vilanova de Arousa. Concretamente para Vilanova, entre os barrios do Castro, Os Olmos e O Cabo, no 1799 Meijide Pardo, na obra citada, conta ata doce cataláns asentados (Fidel Curt Roch, Manuel Goday

Roura, Miguel Curt, Gerardo Font, Felipe Font, Francisco Llauger e o seu fillo Juan Llauger Fábregas, Antonio Llunas, Bartolomé Puig Font, José Roig, Carlos Rosell e Narciso Vidal). Para a Illa danse cifras duns dez industriais entre os que estaban Felipe Font, que vende a Juan Buch Arnao; Félix Jover Grau, que pasa a mans do sobriño Pablo Jover Carreras; e mais Juan Cardona,

Juan Castañer, Lucas Colomer, Carlos Rosell, Salvador Rosell e Francisco Rovira.

Así, desde 1785 consigue arraigar en Villajuán un nutrido contingente de negociantes catalanes y alzan

⁷⁴ Terrestre era aquela persoa que non estando inscrita na Matrícula do Mar, ou organización gremial, indispensábel para saír a pescar, simultaneaba o cultivo do campo coa pesca.

sus primeras fábricas de salazón con plenitud de éxito. Esta industria alcanza su punto álgido en el decénio 1798-1807. En este corto período intersecular ya prosperan una veintena larga de factorías catalanas: las más ubicadas en Villajuán y otras en Villanueva e Isla de Arosa, principalmente, la salazón de la sardina adquiere un extraordinario volumen productivo⁷⁵.

Crises da sardiña e carestía dos prezos do sal á parte, e polo tanto da industria do transformado, para mediados do século XIX esta burguesía aparece xa consolidada segundo se pode ver no cadro seguinte:

FOMENTADOR	LUGAR	VECIÑANZA
Manuel Goday e Cía	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa
José Llauger	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa
Pablo Jover e fillo	A Illa de Arousa	Vilaxoán
Froilán Cobián	A Illa de Arousa	Vilagarcía
Juan Buch Arnao	A Illa de Arousa	Vigo
Antonio Boada	A Illa de Arousa	A Illa de Arousa
Ramón Barral	A Illa de Arousa-Comboa	Sobradelo

Fonte: *Administración de Rentas Estancadas de Pontevedra (1853-1857)*. Elaboración propia.

Da lectura cabe subliñar a presenza de dúas persoas que haberán de resultar vitais para a Vilanova decimonónica: Manuel Goday Roura, con fábrica tamén na Illa, que, segundo Meijide Pardo, era un dos meirandes exportadores de sardiña de Galicia, actividade que simultaneaba co aproveitamento industrial de viños e licores e Manuel Llauger coa súa do Cabo, que exportaba ao Mediterráneo español e Italia. Consultando o *Censo Industrial y del Comercio* do arquivo municipal, entresacamos que no 1863 abre una nova instalación fabril Manuel Goday e no 67 fai o mesmo Francisco Llauger.

Aínda coas crises industriais e comerciais

⁷⁵ GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *BAJO LAS LUCES DE LA ILUSTRACIÓN. Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV*. Ediciones del Castro. A Coruña. 1977.

do XIX, que crean un constante estancamiento económico, esta burguesía consolídase como grupo social, practicante moi activo dun liberalismo constitucional que “en todos os momentos vindica o desestanque e o comercio libre do sal, o desmantelamento do sistema prohibitivo, a reforma do Estado e da Facenda, da expansión ordenada das cidades e do destino do excedente a finalidades produtivas en vez de ao mantemento das clases numerosísimas que viven no país na fartura e na folga”⁷⁶.

Pouco a pouco, sobre todo nas vilas e moito en Vilanova, esta burguesía irá buscado unha mellora das súas posicións sociais a través dunha marcada endogamia dentro do seu grupo social e mesmo coa fidalguía de pazo ou de escribanía. En efecto, os membros desta clase buscan aos seus homónimos para emparentar e manter a salvo o

patrimonio familiar ou incluso incrementalo. Matrimonios como os de Manuel Goday Roura con Francisca Llauger ou futuras xeracións de Llauger tío con Llauger sobriña poden ser un bo exemplo do exposto. Por outra banda, tamén se persegue os títulos nobiliarios, con que a unión coa fidalguía se converte nun feito cotián; así, temos as unións de Peña-Goday e Peña-Valle. Conséguese daquela o título nobi-

⁷⁶ SANTOS CASTROVIEJO, I.: “Os séculos XVIII e XIX (ata 1870): protagonistas e transformacións”. En FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (Ed.): *Historia da pesca en Galicia*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca de Divulgación, serie Galicia. 1998.

liario por unha banda e, pola outra, o manteemento dun patrimonio que esmorece día a día. Logo disto, o comportamento dos burgueses é igual co que tiñan os antigos nobres, xa que agora pasarán a ser propietarios rendeiros⁷⁷.



Vilanova de Arousa. Peirao de Santos e O Cabo, 1958. Fonte: Ita Ozores.



Vilanova de Arousa. O Cabo, Olmos e O Castro, 1958. Fonte: M. J. Reigosa.

Malia que pasenxo e a impulsos desta burguesía, en xeral todo parece cambiar e, así, respecto da sociedade, pódese dicir que se comeza a rachar coa antiga división estamental de privilexiados e non privilexiados e a pertenza a

un grupo ou a outro por razón de berce, propia do Antigo Réxime. Este proceso vén da man da penetración imparable da economía capitalista imposta polos cataláns.

Con todo, fidalgos e cregos, áinda perceptores de cuantiosas rendas, entre elas a Igrexa, tenta seguir cobrando o décimo sobre a pesca que se negan a pagar os cataláns e seguen a ter moitas prebendas nun mundo tan marcadamente rural e ocupan o cumio da pirámide social, áinda que en clara regresión. Ao seu carón, pero por debaixo en importancia, podemos atopar unha pléiade de artesáns, labregos de moi diversa condición, mariñeiros, proletarios urbanos, funcionarios, profesións liberais e unha burguesía industrial invertebrada de asentamento urbano e vilego. Mais co transcurso do tempo, o paso dunha sociedade tan pechada a outra de corte liberal está servido e constátase cómo van extinguíndose determinados usos e hábitos sociais como, por exemplo, a desaparición paulatina dos vellos criados e criadas, que tiñan que estar dispostos para o traballo de sol a sol

para o señor en cuestión. Esta figura terá a súa contrapartida nas vilas, nos novos serventes urbanos que traballan por salario fixo e por un número determinado de horas para unha nova clase social, a burguesía comercial, que ostenta o poder económico e moi pronto terá o político, como ímos ver.

Efectivamente, fundamentalmente dende o Trienio Liberal e en dura loita coa más afama-

⁷⁷ LEAL BÓVEDA, J. M^a e TORRADO, RAMÓN: "Aspectos socioeconómicos da Vilanova de Valle-Inclán". En *Cuadrante*, nº 0. 2000. Pp. 28-35.

da fidalguía local, vanse avezando nos postos máis sobranceiros do concello (alcaldes, secretarios, procuradores síndicos...) nomes como Manuel Goday Roura e Goday Gual, Francisco Llauger Santos, Francisco Peña, José Llauger, Ramón del Valle, Manuel Domínguez del Valle, Manuel Llauger Peña etc. Os gobernos locais cambian segundo a cor política que impere en Madrid e os andazos rebeldes do exército son correspondidos inmediatamente cun cambio no goberno local no que, mesmo, a Milicia Nacional está controlada ata a súa desaparición polos burgueses citados.

En definitiva, a partir da perda das colonias americanas nos anos 20, da sempiterna crise industrial e comercial decimonónica e da decepción que supuxo para esta clase o breve Trienio, vaise producindo un paulatino afastamento da burguesía galega do liberalismo e un achegamento ao mundo que tanto tentaron derrubar. A perda dos mercados exteriores coincide no tempo coa ruína das poucas experiencias industriais galegas, véxase o téxtil e o salgado; logo, as desamortizacións e o investimento en rendas da terra implicarán a renuncia aos seus principios como clase e a volta das súas miradas cara ao mercado interior será patente nestas datas.

A persistencia dunha poderosa superestrutura señorial na agricultura galega, o sistema foral, impide en último termo toda posibilidade de renovación. A compra de bens desamortizados, que en Galicia supón tan só a do seu dominio eminente, a partir da década dos trinta, continuación lóxica do proceso de adquisición de terra e rendas de finais do XVIII e comezos do XIX por parte dos nosos comerciantes, consagra esta renuncia aos principios burgueses en canto que bloquea o funcionamento capitalista da agricultura. É así como se producirá a integración da burguesía galega nacida ao socairo do comercio con América no seo dunha clase dominante, máis vencellada ao pasado que ao presente na medida en que se converte en perceptora dunha parte do excedente campesiño a través dunha

vía tipicamente señorial, a da renda foral⁷⁸. Goday primeiro, cos seus investimentos en terras desamortizadas, e Llauger despois, co mesmo propósito en relación cos Peña Montenegro, son dous bos exemplos disto.

2.- O DECLINAR DA FIDALGUÍA A FINAIS DO XIX. AS RENDAS AFORADAS POLOS FIDALGOS PEÑA CARDECID E SACO BOLAÑO Á BURGUESÍA DOS LLAUGER. 1923 E A VENDA DAS ÚLTIMAS PROPIEDADES DOS IRMÁNS VALLE INCLÁN; O AGRO DAS SINAS.

Ata o de agora tivemos a intención de amosar que mentres que no resto da Península xa se implantaran moitas características do réxime liberal do século XIX, revolución liberal, desamortización, liquidación do réxime señorial, liberdade de cultivos e arrendamentos en Galicia etc., pola contra, áinda subsistían importantes obstáculos que impedían a instauración destes adiantos. Así, eran evidentes a excesiva fragmentación da terra, a falla de maquinaria, de capitais, o predominio do factor humano na producción agraria, a excesiva carga das rendas sobre a propiedade e a permanencia do foro sobre todas as cousas. Segundo isto e como xa se explicou, dende mediados de século foise formando unha corrente de opinión que aos poucos irá minando as estruturas sociais e políticas que mantíñan a perpetuación da vinculación dos aforados cos foreiros. Os primeiros pasos danse no Congreso Agrícola de 1864 e a culminación do proceso, para o que nos ocupa, ten lugar no 1873 coa Lei de Redención Foral aprobada polas cortes republicanas, antes de chegar á Lei de Redención Foral de Primo de Rivera no 1926. A pesar da curta vida, representou a primeira experiencia de eliminación de rendas forais e o acceso á terra fundamentalmente por parte dos labregos. Os mecanismos que prevía eran dous basicamente: a redención

⁷⁸ ALONSO ÁLVAREZ, L.: "Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia (1778-1818)". En *Pedralbes. Revista de Historia Contemporánea*, N° 11. 1991.

da renda ao seu pagador ou a venda desta, ou a simple transferencia a un novo perceptor.

Dada a conxuntura económica tan favorable dos anos centrais do século XIX, previos á crise de 1853, con grandes incrementos na produción agraria, o pagamento das rendas facíase case exclusivamente en especie: ...*el foro de las Aduanas de cuatro ferrados y medio de maíz grueso y una gallina, que pagan los herederos de Ciferiano Vidal...*⁷⁹. A explicación desta predominancia sobre o diñeiro vén dada porque nun mercado tan pouco desenvolvido como o galego, os pagos en especie xogaban un papel importante para os perceptores debido ás oscilacións estacionais e aos períodos inflacionarios, nos que se incrementaban os seus ingresos pola alza conxuntural dos prezos⁸⁰. Se a produción se intensificaba por mor das melloras de tipo técnico introducidas na agricultura, os prezos mantíñanse elevados e por iso a renda e o valor da propiedade rexistraron unha alza importante⁸¹. De aí que cobrar en especie fose tan rendible para os perceptores das rendas.

Pero esta dinámica comeza a cambiar dende a segunda metade do XIX, en concreto a partir da crise agraria de 1852, causada por un período moi intenso de chuvias que arruínán as colleitas dos anos seguintes, ata 1857. A emigración cara a América convertíase, así, na única solución para as masas de famentos galegos. Os cartos aforrados en ultramar serán repatriados a Galicia e con eles producirase o intenso proceso redencionista de finais de século, que coloca como propietarios do domínio útil aqueles labregos que viñan traballando nel dende datas inmemoriais. Outro dos factores que cambian a tendencia do pagamento en especie será a crise finisecular que se comeza a sentir para a década de 1870. Estivo ocasionala pola entrada no mercado internacional, favorecida polo grande avance dos transpor-

⁷⁹ Arquivo Llauger, protocolo notarial xa citado. ALVA.

⁸⁰ VILLARES PAZ, R.: op. cit. P. 36.

⁸¹ ARTIAGA REGO, A.: "La renta foral en Galicia a finales del siglo XIX". En *Agricultura y Sociedad*, 30. 1984. Pp. 207-237. A autora cita a GARRABAOU, 1975. Pp. 182-186.

tes transoceánicos, de novos países como os EEUU, Arxentina, Australia etc., nos que a conxunción de terras baleiras, a man de obra inmigrada barata e a mecanización do sector agrario⁸² favorecía que puidesen colocar mercadorías, en especial gando e cereal, de continente a continente en tempos moi rendibles e a prezos moi competitivos. O gando e cereal galegos, obtidos con grandes investimentos en capital humano, deixan de ser competitivos ante os más baratos dos novos países. As consecuencias non tardaron en deixarse sentir na agricultura galega e polo tanto nas relacións entre propietarios e traballadores da terra. A tendencia ao descenso do prezo dos produtos agrarios, a diminución dos beneficios e a desvalorización da terra⁸³ convertéronse nas notas características do noso agro e nestas condicións o máis aconsellable era desprendese das rendas da terra. Ademais, a partir de 1883 prodúcese un descenso considerable nos prezos dos principais cereais galegos: trigo, centeo e millo, por mor do xa explicado. A crise, pois, maniféstase con toda virulencia. Neste contexto, é lóxico pensar que, se o valor da produción agraria decae, tamén o faga o valor da rendas e da terra, polo que a súa posesión xa non é un ben rendible como o fora durante todo o Antigo Réxime.

Co dito, apúntase neste sentido que, como a renda se pagaba na meirande parte en especie (trigo, centeo, millo, tamén galiñas e outros animais) e como esta sofre un descenso no seu valor, os ingresos do propietario rendeiro experimentarían unha depreciación⁸⁴. O máis lóxico sería vender rendas e terra e conseguir liquidez monetaria, e iso van facer os Peña Montenegro vendéndolle ao seu primo Manuel Llauger Peña diferentes foros e terras por todo o municipio de Vilanova⁸⁵. En función destes

⁸² ARTIAGA REGO, A.: op. cit. P. 226.

⁸³ VILLARES PAZ, R.: *Historia de Galicia*. Obradoiro Santillana. Vigo. 1998. Pp. 101-102. Tamén ARTIAGA REGO. op. cit. P. 226.

⁸⁴ ARTIAGA REGO, A.: op. cit. P. 228.

⁸⁵ LEAL BÓVEDA. op. cit. P. 65.

aspectos pódese explicar o proceso de eliminación de rendas forais de finais do século XIX, que, se primeiramente se entendía a causa da Lei de Redención de Foros de 1873, posteriormente se relaciona cos efectos da crise agraria. Verbo disto exprésase Durán, que rexistra anuncios de vendas de foros e terras na prensa pontevedresa a partir de 1883, como tamén constata o feito de que importantes foreiros se desfán entón das súas propiedades forais⁸⁶.

Non obstante, tamén cómpre resaltarmos a desfavorable disposición amosada tanto polos redimidores como polos compradores, facilmente demostrable polo eco inmediato da Lei de 1873 e a posterior continuación do proceso redencionista, así como polos considerables investimentos dos compradores, que chegan a adquirir, incluso, forais enteros. Esta demanda tamén puido ter influído nos rendeiros que obtiñan saneados ingresos a cambio dunhas rendas que, malia lles proporcionaren uns beneficios anuais, estaban ameazadas pola depreciación a consecuencia das dificultades do sector agrario⁸⁷. En xeral, mentres que a fidalguía fenecía, o labrego acedía á terra, traballada en foro finisecularmente, grazas aos cartos dos emigrados ás Américas, pero a burguesía industrial para o caso de Vilanova tamén entraba no proceso de compra de rendas, como agora veremos e xa vimos anunciando.

En efecto, no 1882 morre Francisco Peña Cardecid, que como xa queda anotado en páxinas precedentes se fixera con diferentes terras e rendas forais espalladas por todo o concello de Vilanova e mesmo de Cambados. No seu testamento, aberto diante do xuíz de primeira instancia de Cambados no 1885, lese a partilla de 1883 e nela explícase que o matrimonio divide os bens entre os seus fillos: José e Dolores, que será nai de Valle-Inclán, executables á morte do derradeiro consorte vivo. A Dolores

quedábanlle rendas, algunas procedentes da desamortización do extinto Priorado de Vilanova, como o agro das Besadas e outras, que sumaban 41,5 ferrados (616, 30 litros) e varias galiñas, cifra considerable para a época se a comparamos con outras estudadas por Artiaga Rego para Santiago e Tui. A este patrimonio, como é obvio, haberá que engadir o posuído en réxime de gananciais pola viúva, Josefa Montenegro⁸⁸.

No contexto xa narrado da crise finisecular e de redención foral, para 1885 a fidalguía dos Peña Montenegro Cardecid Saco Bolaño, xa emparentada cos Valle-Inclán, parece non atravesar bos momentos, polo que comeza un proceso constante de vendas de propiedades e foros, converténdose na principal surtidora destes a un burgués emparentado con ela⁸⁹, Manuel Llauger Peña, que tendía a reproducir deste modo o costume da nobreza de investir na compra de terras. Con todo, a súa principal ocupación centrouse na industria do salgado, sendo un dos máis activos fomentadores, xunto a Goday da Illa. Tamén foi importante a súa vida social, política e económica en Vilanova, como xa queda anotado en liñas precedentes.

Agora ben, o patrimonio desta fidalguía local dos Peña, como o da meirande parte das familias galegas, está xa consolidado a finais do XVIII pero acada a máxima expresión tras a desamortización de Mendizábal, contrariamente ao que se apunta para o resto de Galicia⁹⁰. Por iso, foi encomiable a súa capacidade para pechar filas en torno a si mesmo a partir do mercado matrimonial. As alianzas familiares axudaron a mitigar as desmembracións patrimoniais que pretendía orixinar a aplicación

⁸⁸ Arquivo Llauger. Escritura de compravenda entre Dolores Peña Montenegro, Ramón del Valle Bermúdez e Manuel Llauger Peña, de 10-IV-1885. Notaría de José Carrera López, de Cambados. ALVA.

⁸⁹ Carmen Peña Montenegro figura emparentada con Joaquín Llauger no 1823. ALVA.

⁹⁰ PRESEDO GARAZO, A.: *Cambios hacendísticos y de gestión en los patrimonios de la hidalguía acomodada gallega en el siglo XIX*. 2004. P. 3.

⁸⁶ DURÁN, J. A.: *Agrarismo y movilización campesina en el País Gallego. 1875-1812*. Madrid. 1977. P. 78. Citado por ARTIAGA REGO: op. cit. P. 228.

⁸⁷ ARTIAGA REGO, A.: op. cit. P. 228.

das leis de desvinculación, e moi especialmente a de 1841. En ocasións estes pactos matrimoniais posibilitaron un reequilibrio no seo do devandito segmento social ao permitiren que algúns vínculos fosen parar a outras casas fidalgas ou, tamén, noutras ocasións, a familias cunha riqueza considerable (véxase os Peña cos Llauger, por exemplo. Para os anos 20 do oitocentos consta a unión entre Francisco Llauger Fábregas con Tomasa Peña-Cardecid) non necesariamente emparentadas coa nobreza. Así que as vendas de bens de morgados e vinculares, previamente repartidos entre os distintos herdeiros segundo o novo marco legal estipulado na lexislación desvinculadora, non se produciron de maneira sistemática can do menos ata a década dos sesenta⁹¹.

Como nota esclarecedora da endogamia fidalguía-burguesía narrada, pode ser moi ilustrativa a lectura da acta de nacemento de Manuel Tomás Francisco José Llauger Llauger, fillo de Ricardo Llauger Peña e de Victorina Llauger Domínguez (sobriña de Ricardo), neto por liña paterna de Francisco Llauger Fábregas e Tomasa Peña Cardecid e por liña materna, de D. Juan Llauger Peña e de Inocencia Domínguez del Valle: *En Villanueva de Arosa, a las seis de la tarde del día nueve de febrero de mil ochocientos noventa y uno. Ante D. Manuel Ozores Rivas Juez municipal de este distrito y D. Elisardo Martínez Secretario, compareció D. Francisco Llauger Domínguez natural de esta Villa término municipal de la misma provincia de Pontevedra de treintayun años de edad, profesión escribiente estado soltero vecino de esta Villa, calle del Esteiro, según cédula personal que exhibe del corriente ejercicio solicitando se inscriba en el Registro Civil de este Juzgado un niño; y al efecto como Tío materno, del mismo declaró: Que dicho niño (refírese a Manuel Llauger Llauger) nació vivo en la casa de sus padres en esta localidad, el día ocho del presente mes á las dos de la tarde. Que es hijo legítimo de Dn. Ricardo Llauger Peña, de cuarenta y siete años de edad, comerciante y su esposa Dña. Victorina Llauger Domínguez, de veinte y siete años de edad, ambos na-*

turales y domiciliados en la calle de las Huertas de esta Villa. Que es nieto por línea paterna de dn. Francisco Llauger Fábregas y Dña. Tomasa Peña Cardecid, vecinos que han sido de este pueblo, hoy difuntos. Y por materna de Dn. Juan Llauger Peña y Dña. Inocencia Domínguez del Valle, ambos de esta Villa. Y que al expresado niño se le puso el nombre de Manuel Tomás Francisco José...⁹², quen será alcalde por breves días de agosto no 1926⁹³ e haberá de morrer o 23 de maio de 1950.

Evidénciase pois o enlace dos Llauger cunha irmá de quen fora alcalde de Vilanova, Manuel Domínguez del Valle, no 1874, 77, 80, 87, 91, 97, 99, 1904, 06, 09, 12, 14, 16 e 18⁹⁴. Inocencia Domínguez del Valle é filla de pai incógnito (posiblemente de Vicente Peña, un dos frades Peña xa citados anteriormente) e de Serapia Domínguez del Valle, e irmá de Manuel Domínguez del Valle, quen, probablemente, sexa fillo doutro dos frades: Joaquín Peña. Como se pode comprobar, a amentada acta de nacemento de Manuel Tomás Francisco Llauger Llauger tamén pon de manifesto o enlace dos Llauger non só cos Peña senón tamén cos Valle-Inclán, posto que Isabel del Valle-Inclán e Malvido (irmá de Carlos Luis del Valle-Inclán y Malvido, o avó do ilustre escritor) ten por filla a Serapia Domínguez del Valle, quen, á súa vez, é nai de Inocencia Domínguez del Valle⁹⁵.

Nestas liñas, pois, queremos achegar novos datos sobre o tema en cuestión facendo uso do ámbito local de estudio. Falamos das escrituras de venda outorgadas por Josefa Montenegro y Saco e Dolores Peña Montenegro, avoa e mais nai do escritor vilanovés Valle-Inclán, a favor de Manuel Llauger Peña, no 1885 e 1890. Así, asentados nestas terras, os fomentadores non soamente se dedicaron ás actividades in-

⁹² Acta de nacemento, folio nº 128, ano de 1891. Arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo.

⁹³ Libros de Actas municipais. ALVA.

⁹⁴ Libros de Actas municipais. ALVA.

⁹⁵ Arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo, quen ten constancia do casamento de Carmen Goday Gual (1840-1868) cun Ricardo Llauger. Ela morreu moi nova, con 28 anos.

⁹¹ Ibídem. P. 3.

dustriais ou comerciais senón que a finais de século, cando se produce o periclitar fidalgo, reproducirán esquemas de comportamento social propios deste grupo social galego. Por iso é frecuente que lle merquen terras e rendas forais a esta clase privilexiada do Antigo Réxime.

No 1885 e 90, a familia Valle-Peña nas persoas de Josefa Montenegro e Dolores Peña Montenegro, son herdeiras do amentado foro de Besadas nas Sinas, así como doutras rendas aforadas que ofrecen en venda a Manuel Llauger Peña, activo empresario do salgado⁹⁶. Por iso, no 1885 Dolores Peña Montenegro de 44 anos, dedicada a las ocupaciones de la casa, acompañada polo seu esposo, Ramón del Valle Bermúdez, de 60 años, propietario, pais de Valle-Inclán, vénndelle a Manuel Llauger Peña, de 30 anos, soltero, comerciante, vecino de esta Villa (refírese a escritura como é natural a Vilanova) na cantidade de 5.160 reais as seguintes rendas herdadas do pai : ...de los herederos de José Martínez de Currás, cuatro ferrados de maíz grueso, igual a ochenta y tres litros, cuarenta y cuatro centilitros..., ...de José Benito Núñez de San Mamed de Corvillón, cuatro ferrados ao sean sesenta y dos litros treinta y dos centilitros, y además tres ferrados de maíz grueso igual a cincuenta ao sean sesenta y un litros cincuenta y ocho centilitros..., ...de D. Manuel Chantada de dicho corvillón, nueve ferrados de pan mediado, equivalentes a cincuenta litros ventidos centilitros..., ...y de D. Manuel Prado de esta Villa dos ferrados y cuatro concas de pan mediado, igual a treinta y seis litros y treinta y seis centilitros... Llauger entrega os cartos ás mans de Josefa Montenegro pero ten que adiantar o 3%, 38,70 pts., en concepto de imposto sobre dereitos reais e transmisión de bens. Testemuñaban o acto Francisco Bóveda e José María Pombo Regás, persoas dun certo prestixio social en Vilanova.


⁹⁶ Manuel Llauger Peña era fillo de Francisco Llauger Fábregas e de Tomasa Peña Cardecid, irmá de María del Carmen Peña Cardecid e de Francisco Peña Cardecid (avó materno de Valle Inclán). Morre no 1891, con 41 anos, de *catarro crónico del estómago*, solteiro e sen deixar descendencia, feito que terá moita transcendencia á hora de nomear herdeiros, como logo veremos. Achéganos estes datos Jesús Canabal Pombo.

Tal é así, que o segundo era fillo do alguacil do concello de Vilanova José Pombo Vila e de Francisca Regás Curt, á súa vez filla duns cataláns que se afincaron en Vilanova, na rúa que vai da Pastoriza a San Mauro. Estes cataláns, que eran pobres, chamábanse Francisco Regás e Manuela Curt; ela era irmá política dun destacado fomentador (Francisco Fábregas), quen lles doou a casa en 1815, figurando entre as testemuñas Manuel Goday e Francisco Molíns, veciños de Vilanova. José Pombo Vila, cando se licenciou do exército no 1834, recibe do rei en censo perpetuo un terreo nas Sinas polos seus méritos nas guerras carlistas, feito que queda recollido documentalmente deste xeito: *En La Villa de Villanueva de Arosa a veintinueve días del mes de abril de mil ochocientos treinta y cinco. Ante mi Escribano... (...) Yntendencia, Subdelegación de propios y arbitrios de la provincia de Galicia. El Ilmo. Señor Director General de Propios y Arbitrios del Reyno con fecha dieciocho del actual me dice lo siguiente: Ilmo. Señor conformándose el Rey con lo informado por V.I. en seis del actual, se ha servido S.M. resolver se le den a Don José Pombo, a censo perpetuo, bajo el canon anual de tres reales y con las condiciones de costumbre las nueve fanegas y media de tierra que señala el Ayuntamiento en el monte Pedregoso, sito en el término de Villanueva de Arosa; de Real Orden lo digo a V.I. para los efectos que correspondan. A fin de cumplimentar lo preceptuado por la superioridad desde luego por el tenor de la presente da en foro perpetuo al repetido Don José Pombo, que está presente y es vecino de esta villa, para él sus hijos y herederos, a saber lo que aquí le afora, la sembradura de nueve fanegas y medio de tierra pedregosa en el monte titulado de Las Sinas, inmediato a la orilla mar por la parte del Norte...⁹⁷.*





José Pombo Vila e Francisca Regás Curt tiveron cinco fillos: José María, Manuel, Inocencia, unha ou un de nome ilexible e Aurora Pombo Regás (tataravaoa de Jesús Canabal Pombo, documentalista deste artigo).

Máis adiante, no 1890 Josefa Montenegro y Saco, de ochenta años, viuda y propietaria e Dolores,

⁹⁷ Arquivo persoal de Jesús Canabal Pombo.



Escritura de Josefa Montenegro e Dolores Peña, 1885.




Escritura de Josefa Montenegro e Dolores Peña, 1885.

xa con 50 anos, viúva e propietaria, vénendolle a Manuel Llauger, como dona a primeira e usufrutuaría vitalicia a segunda, as anteriores e seguintes rendas forais: ...*diez ferrados de mediodía, igual a un hectolitro, cincuenta y cinco litros y ochenta centilitros que por el foral titulado de Besada, satisfizo en lo antiguo la viuda de Manuel Leiro y hoy satisface Manuel Rial Portas*⁹⁸..., ...*cuatro ferrados y medio de maíz y una gallina que paga José Ramón Martínez*..., ...*el foro de las Aduanas de cuatro ferrados y medio de maíz grueso y una gallina, que pagan los herederos de Ciferiano Vidal.* Radican los predios forales en la parroquia de San María de Caleiro. Hizo ambas adquisiciones D. Francisco Peña, durante su matrimonio con la D^a Josefa Montenegro y Saco. En el testamento cerrado que ambos cónyuges otorgaron por ante mi (polo notario de Cambados Pedro Sánchez López) en dieciocho de diciembre de mil ochocientos sesenta y nueve, abierto por el Sr. Juez de primera instancia del partido y de su orden protocolariado en mi registro de instrumentos públicos del año de mil ochocientos ochenta y dos, bajo el número cincuenta y nueve de orden, con el cual falleció el testador D. Francisco Peña el día treinta y uno de marzo de aquel año, han hecho los mismos cónyuges división de sus bienes entre sus hijos D. José y D^a Dolores, y en ella adjudicaron la D^a Dolores, para después del fallecimiento del otorgante sobreviviente, las dos porciones de renta foral expresada, haciendo designación de ellas de esta manera: la viuda de Manuel Leiro, por el foral de Besada, diez ferrados de mediodía, José Ramón Martínez, cuatro ferrados y medio de maíz y una gallina. Por estos títulos pertenecientes como va dicho, en usufructo vitalicio a D^a Josefa Montenegro y Saco y en nuda propiedad a su hija Dolores Peña Montenegro; y aunque han pagado oportunamente el impuesto

de Derechos reales, no las inscribieron hasta ahora a su favor en el Registro de la Propiedad... Por estas partidas de renda foral citadas, Manuel Llauger tivo que pagar un total de seiscientas sesenta e cinco pesetas, ás que lles hai que sumar 1.290 da compra anterior, que supuñan un total de



Seitura do trigo nos anos 50 do século XX en San Amaro. Fonte: M^a Jesús Reigosa.



Portada da escritura de venda a M. Llauger, 1890

⁹⁸ Como xa quedou indicado, este foro pertenceu ao exriorado de Vilanova de Arousa, dependente dos bieitos de Santiago, cuxas propiedades foron vendidas nas desamortizacións unha vez suprimida a orde.

1.955. Segundo datos achegados por Artiaga Rego para as comarcas de Tui e Santiago, esta cantidade podíase considerar bastante alta. A escritura formalizábase en 1890 diante de Manuel Abalo Oubiña e Manuel Pérez Rodríguez,

que actuaban como testemuñas⁹⁹.

Xosé Ramón Barreiro anota para casos como este o termo “afidalgamento da burguesía”, que entra no mercado da terra e vai más aló cando afirma que deste xeito perdía o carácter que a caracterizara como clase social ata o momento. Nos seus usos e costumes os burgueses aproxímanse aos fidalgos, xerándose unha especie de mestizaxe con expresións moi claras nas formas de vida, nos enlaces matrimoniais e incluso nos pactos políticos¹⁰⁰.

Outros autores¹⁰¹ ven a actitude do catalán Llauger dende outra perspectiva e relaciónana co aproveitamento das oportunidades brindadas polo vasto proceso de alleamento de terras e inmobles ligado á reforma agraria liberal; de feito non constitúe un caso excepcional entre a burguesía de negocios latina. Nas súas orixes hai moitas motivacións, entre as que podemos amentar non só as económicas senón tamén a obsesión pola respectabilidade, a solidez que proporciona un bo patrimonio de bens raíces que sirva como refuxio diante de adversidades, a procura de investimentos e de extracción de rendas, e un reforzamento do prestixio que indique o ascenso na escala social da familia, un instrumento para reconvertir capitais en caso de crise mercantil ou como engado para conseguir créditos hipotecarios¹⁰². Neste senso, moitos deles utilizan a fórmula de “propietario” para figurar nos padróns municipais e noutras documentos como os rexistros notariais¹⁰³. Mentre que noutras partes da Península a burguesía participa na compra de predios rústicos e rendas procedentes destes no contexto

de liquidación do antigo réxime agrario, en Vilanova esta actitude tan só a adopta Goday pero non os Llauger, que aproveitan o periclitar da fidalguía de finais de século para facerse coas súas propiedades. A este propósito, todo apunta, como noutras lugares, a que a constitución de patrimonios rústicos como medio de conseguir fondos que non se destinaran ao investimento agrícola, por parte da burguesía mercantil ou industrial, non foi un feito illado ou estranxo. Mesmo os seus membros consideraban estas prácticas como un método de adquirir prestixio social para penetrar nas filas da alta burguesía e, incluso, para ter boa reputación no mundo do negocio¹⁰⁴.

En definitiva, non se pode seguir escribindo que a constitución dun patrimonio supuxese, tamén para os comerciantes cataláns coma para os restantes, unha grave carencia de “espírito burgués” ou “empresarial”, senón que máis ben hai que considerar tal conducta como unha forma máis de adaptación ao contexto socioeconómico e aos estímulos que xeraba. Non debemos esquecer, por último, as peculiares condicións do mercado da terra no norte de España, onde as estruturas da propiedade estaban dominadas polo minifundio e as densidades rurais eran tan altas que a “fame de terra”, experimentada por unha parte destes campesiños parcelarios, era tremenda, co seu conseguinte reflexo nos prezos desta¹⁰⁵. Verbo disto, resulta evidente que no XIX a formación de fortunas da burguesía galega está plenamente consolidada aínda que o período máis salientable para isto e para a expansión dos mercados fora o final do XVIII. Así, ata o Sexenio Liberal, o século XIX caracterizouse polo estancamiento e a ameaza recorrente. Con todo, a burguesía das salgas consolídase, de aí que Manuel Llauger apareza xa cunha acumulación de cartos máis que suficiente para facer un desembolso de 1.955 pesetas pola compra

⁹⁹ Arquivo Llauger. ALVA.

¹⁰⁰ BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: *Historia Contemporánea de Galicia. Vol. IV. Economía y Sociedad*. A Coruña. 1984. P. 415.

¹⁰¹ PÉREZ PICAZO, M^a T.: “Los catalanes en España en el siglo XIX”. En *Els catalans a Espanya, 1760-1914*. Universitat de Barcelona. Barcelona. 1996. P. 75.

¹⁰² Ibídem. P. 77.

¹⁰³ O pai de Valle-Inclán aparece nomeado como propietario nas escrituras de compravenda citadas do Arquivo Llauger. ALVA.

¹⁰⁴ THOMPSON, F. M. L.: *Life after Death: how successful nineteenth-century businessmen disposed of their fortunes. The Economy History Review*. XLIII, 1. 1990. Pp. 40-61.

¹⁰⁵ PÉREZ PICAZO, M^a T.: op. cit. P. 79.



Vilanova de Arousa. O Cabo desde Os Olmos, 1930. Fonte: M. J. Reigosa.

aos Peña Cardecid dos predios amentados.

A perda das colonias americanas, o corso e a entrada de produtos de contrabando franceses e ingleses fan cambalear o comercio e a industria hispana, así como as súas fontes de demanda. Para a pesca e os seus transformados dáse o retorno á situación depresiva e de estancamento: non hai moitas innovacións, non se buscan novos caladoiros e os almacéns da salgadura reconvértense para o contrabando e o negocio fraudulento do sal. Os propietarios das fábricas da salga ameazan recorrentemente con pechar. Pero o peor de todo é a agonía na que viven e constrúen a súa base económica os fomentadores: por un lado, teñen ideoloxía liberal e vincúlanse ao librecomercio e ao *laissez-faire*; polo outro, fundamentan lucrativos negocios de arrendo da ominosa renda do sal e na administración dos alfolíns –sustentándose sobre unha base económica reaccionaria e da comenencia–; por un lado reclaman a producción propia, pero polo outro viven do contrabando que se beneficia da descomposición do país. Propoñen un sistema impositivo moderno, pero participan en negocios recadastrarios do marasmo estatal. Son partidarios das transformacións na propiedade e na producción

agrícola pero acaban por vivir das rendas fórais. En definitiva, falamos dunha burguesía que, sendo partidaria dunha agricultura mercantilista, remata por adquirir rendas agrarias pola dificultade de acceso á propiedade plena e que, vivindo nun país eminentemente agrario e sen institucións que xestionen os seus intereses, difícilmente podería resistirse a ser fagocitada polo fastío¹⁰⁶.

Dende logo, este parece ser o caso de Manuel Llauger Peña pois a súa actividade industrial estaba relacionada fundamentalmente co salgado do peixe, áinda que tamén aparece, tanto el coma os seus devanceiros, vinculado a actividades políticas de signo liberal e formando parte do grupo de fomentadores galegos que constantemente fan fronte a favor do desestanco do sal, ou ameazan a Administración con pechar as súas industrias se non se atenden as peticións que formulan. No relativo ás operacións de transformación e comercialización da pesca, pódese dicir que abarcaban lugares

¹⁰⁶ SANTOS CASTROVIEJO, IAGO: “Os séculos XVIII e XIX (até 1870): protagonistas e transformacións”. En *Historia da pesca en Galicia*. Coordinadora Carmen Fernández Casanova. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Santiago. 1998. Pp. 119-122.

moi dispersos, entre os que estaban Xénova, Bilbao, Valencia, Tarragona, Liorna, San Sebastián, Alacant, Cádiz, Cartagena, de onde se traía sardiña cando escaseaba na ría de Arousa ou sal para o salgado desta. Pola contra, cara a



“Terrestres” andando ao argazo en Corón. Detrás está o “foro das Aduanas”, mercado por Francisco Peña Cardecid e a súa dona, Josefa Montenegro y Saco, no 1856. Contigo está o Agro das Sinas, vendido por Valle-Inclán e irmáns no 1922. Fonte: Esperanza Conde.

eses destinos exportaba tabais de sardiña, atún, xarda etc., a través dos portos da Pobra e Carril, fundamentalmente. Do estudo do arquivo familiar todo apunta a que foi un dos membros más activos no económico, sendo o artífice de modernizar a fábrica do Cabo, incrementar o patrimonio familiar e de erguer a casa que áinda hoxe domina este barrio vilanovés¹⁰⁷.

Anota Pérez Picazo que no aspecto relixioso reproducían esquemas de conduta semellantes ás da clase burguesa en xeral pero que no relativo á transmisión do patrimonio non mantiveron a tradición catalá do *hereu*, polo que a forma de distribución de bens entre os

¹⁰⁷ Á súa actual propietaria, Germana García Llauger, debemos a consulta do arquivo familiar no 1990, hoxe gardado no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Pouco se sabe da árbore xenealóxica desta familia e as conexións entre os seus membros pérdense con moita facilidade nos documentos notariais, pero todo parece indicar que debeu haber un certo grao de endogamia entre eles, de forma que chegaron a emparentar, en ocasións, tío con sobriña..., acaddando altas doses de consanguinidade. Coido que a historia desta vila ben lles debe un estudo. Nós adiantaremos neste pequenos datos que o complementen.

herdeiros é o reparto igualitario, aínda que o testador adoita recomendar aos seus fillos que procuren conservar o negocio unido¹⁰⁸.

Non parece ser este o suposto de Manuel Llauger Peña, que morre solteiro e sen fillos á

idade de 41 anos, e testa a favor doutros membros da familia: irmáns, sobriños, sobriñas..., conque o seu patrimonio aparece moi disgregado, polo menos ata 1917, cando as rendas mercadas aos Peña aparecen repartidas entre Manuel Llauger Llauger, Francisco Llauger Peña e Carmen Llauger Domínguez, que as reciben por herdanza de Carmen Llauger Peña¹⁰⁹.

O proceso de venda de patrimonio foi lento pero constante, chegando á súa culminación no 1923, sendo xa herdeiros os irmáns Ramón e María del Valle-Inclán e Ramona del Valle Montenegro, filla das primeiras nupcias dos pais do escritor¹¹⁰, Ramón del Valle Bermúdez con Dolores Peña Montenegro. O proceso ten que ver cos ambientes de cambio que se están a producir na sociedade e agricultura galegas de finais do século XIX e primeiro terzo do XX.

¹⁰⁸ PÉREZ PICAZO, Mª T.: op. cit. P. 75.

¹⁰⁹ Arquivo Llauger. Escritura de compraventa entre Dolores Peña Montenegro, Ramón del Valle Bermúdez e Manuel Llauger Peña, de 10-IV-1885. Notaría de José Carrera López, de Cambados. Este apéndice aparece escrito no ángulo superior esquerdo da escritura asinado polo albacea familiar, Ricardo Llauger. ALVA.

¹¹⁰ Sobre a xenealoxía de Valle-Inclán escritor, ver PEREIRA PAZOS, Mª C. e PREGO CANCELO, B.: *Familia del Valle Inclán: descripción del fondo documental*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Santiago de Compostela. 2008. Tamén HORMIGÓN, JUAN ANTONIO: *Valle-Inclán. Biografía cronológica y Epistolario*. Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España. Madrid, 2006. 4 vols.

En efecto, a resistencia á desaparición como casta social da fidalguía viña sendo temida durante a segunda metade do XIX pero no tránsito deste ao XX, e máis en concreto ata a Guerra Civil, esta loita remata coa súa extinción. A partir de agora, como xa queda anotado, os fidalgos tan só poderán exhibir o nome e o pazo, que tamén esmorece pasenxo. As causas que rematan este proceso, anunciado dende tempo atrás, desencadéanse coa crise finisecular de base agraria ocasionada pola chegada a Europa de remesas de trigo e carne dos países emergentes (EEUU, Australia, Argentina) en condicións moi vantaxosas pola súa baratura. Este feito vese reforzado polo espectacular desenvolvemento dos medios de transporte interoceánicos e terrestres que colocan nos mercados europeos as anteriores mercadorías nun tempo sensiblemente inferior ao que o facían os vellos barcos de vela ou as carretas. O proteccionismo co que responden as autoridades europeas e españolas a esta penetración estranxeira posibilitou a integración cada vez maior da agricultura galega no mercado interior español e unha especialización ganadeira que tiña como saída os centros urbanos e as múltiples feiras de gando que se espallan por toda Galicia. Isto apuntado, e outros fenómenos que agora veremos, diminuíron considera-

blemente os ingresos dos que gozaban os propietarios que non traballaban a terra: rendeiros fidalgos fundamentalmente. Por outra banda, as remesas de cartos indianos que chegan dos antigos emigrantes liberan as antigas hipotecas dos labregos, que agora acceden á plena propiedade da terra traballado dende xeracións ou mesmo erguían novas casas de labranza. Con eles tamén redimirán os foros que por lei de Primo de Rivera do 1926 desaparecen¹¹¹. Con isto, as rendas da terra xa non son vantaxosas, os fidalgos dan os últimos alentos e as casas dos señores van parar aos labradores, como apunta Castelao.

Neste contexto, en setembro de 1923 os irmáns citados, Ramón, María e Ramona del Valle venden ...*el dominio directo del Agro de la Siñas, compuesto de diferentes partidas de bienes situadas en términos de la parroquia de Caleiro, en este municipio* (refírese o documento ao de Vilanova de Arousa) *y la renta foral que grava los mismos bienes, consistente en su totalidad en treinta y cinco ferrados de maíz a razón de dieciseis concas ferrado; y de ellas corresponden a cada llevador lo que a continuación se determina....*

As fontes que nos serviron de base para

¹¹¹ VILLARES PAZ, RAMÓN: *Historia de Galicia*. Obra doiro Santillana. Vigo. 1998. P. 102.

Nº	LLEVADOR	CAPITAL IMPONIBLE PTAS.
1	Joaquín Grande Portas, la renta foral de cincuenta y siete concas y seis octavos	2
3*	José Conde Nogueira, la renta foral de ventiuna concas y seis octavos y medio	0,80
4	Ramón Conde Señoráns, la renta foral de cincuenta concas, cuatro octavos y medio	1,80
5	Manuel Piñeiro López, la renta foral de ocho concas y seis octavos	0,38
6*	Manuel Piñeiro Pérez, la renta foral de ocho concas y seis octavos	0,35
7	Manuela Piñeiro López, la renta foral de ocho concas y seis octavos	0,35
8	Francisca Piñeiro López, la renta foral de tres concas y un octavo	0,50
9	Manuel Leiro Pérez, la renta foral de doce concas y cinco octavos, por la que subirá su padre José Ramón Leiro Vidal	0,35 0,55
"	Y la renta foral de catorce concas que por ella subirá su suegro Juan Ramón Vidal Piñeiro, ambos de Caleiro	0,55
10	Manuel Nogueira Leiro, la renta foral de dieciocho concas y dos octavos de otra	0,70
11*	José María Mariño Camba, la renta foral de diecisiete concas y siete octavos	0,70

Nº	LLEVADOR	CAPITAL IMPONIBLE PTAS.
**	José Ramón Mariño Camba, la renta foral de catorce concas y un octavo	0,55
	Por ellos subirá su padre José María Mariño López	1,25
12	Eugenio Pérez Lago, la renta foral de nueve concas y tres octavos	0,40
13	Marcelino González Cores, la renta foral de tres concas y siete octavos	0,20
14	José Lorenzo Agrelo, la renta foral de diez concas	0,40
15*	José María Conde Lago, la renta foral de diez concas y tres octavos	0,40
16*	Josefa Martínez Conde, la renta foral de treinta y una conca y un octavo y medio	1,20
17	Manuel Tomé Bemposta, la renta foral de cuarenta y ocho concas y siete octavos	1,80
18	Francisco Nogueira Martínez, la renta foral de ventiseis concas y seis octavos	1
19	Manuel Ozores Vidal, la renta foral de diez concas y cinco octavos de otra	0,40
20	José Bravo Ramos, la renta foral de nueve concas y cinco octavos de otra	0,40
21	Juan Ramón Vidal Piñeiro, la renta foral de quince concas y un octavo, perteneciendo a él y a su hermano José Manuel	0,60
24	Marcelino Lorenzo Rial, la renta foral de siete concas y tres octavos	0,25
25	José Leiro Nogueira, la renta foral de seis concas y seis octavos y medio de otra	0,25
26*	Ramona Leiro Cores, la renta foral de diez concas y dos octavos	0,35
27*	Francisco Vidal Leiro, la renta foral de diez concas y un octavo	0,40
28*	Manuel Lago López, la renta foral de cuatro concas y seis octavos	0,15
29	Ramón Santiago Rodríguez, la renta foral de dieciseis concas	0,60
30	Venancio Leiro, la renta foral de ocho concas	0,30
31	Marcelino Fernández Leiro	0,20
33*	Teresa Martínez Barreiro, la renta foral de doce concas y dos octavos de otra	0,45
34*	Ricardo Álvarez Cores, como apoderado de Manuel Nogueira, la renta foral de diez concas	0,45
35	Benito Nogueira Martínez, la renta foral de dieciocho concas	0,60
	Total alta	20


Fonte: Arquivo do Concello de Vilanova. Expediente solto, folio nº 1.299. Recollido por Sito Ventoso. Elaboración: José María Leal Bóveda. ALVA.

este apartado fan referencia a que se pagaran os dereitos necesarios para realizar esta operación na oficina liquidadora de Facenda de Cambados, deixando constancia de que o dominio expresado e redimido estaba mellorado a nome de Dolores Peña Montenegro de Vilanova, nai de Valle Inclán.

Dos antigos levadores desaparecen once e nas novas altas aparecen sete persoas, todas elas de Caleiro. Dos 35 novos propietarios, a meirande parte deles, 24, xa viñan traballando esas terras, mentres que o resto se fai cunha nova propiedade, dous procedían de Vilanova e os demais eran de Caleiro. Polo xeral esta xente tiña pouca instrución e andaba dedicada

áas tarefas do campo, áinda que tamén podemos encontrar outras profesións como carpinteiro, empresario etc. Os pazos, outrora manifestación material da casta privilexiada fidalga, convértense agora en sinónimo de decadencia e as terras coas rendas que os sustentaron pasan a outras mans, aquelas ás quen o propio Valle Inclán, non sen amargura, chama *ralea de criados que llegan a ser amos*. Previamente, en palabras do marqués de Bradomín, afirmaba que *en un mundo de clérigos, mendigos, escribanos, putas y alcahuetes, lo mejor, con todos sus defectos, fueron los hidalgos*.

Valle-Inclán, aunque con pocos posibles, era también señor de pazo, si bien se aleja del realismo de



Escritura da venda do agro das Sinas por Valle-Inclán.

Pardo Bazán¹¹², ademais, partiendo de lo ya iniciado por la penetrante observación y la exuberancia descriptiva de doña Emilia, transfiguró estética y poéticamente los pazos y sus gentes. En manos de don Ramón, los pazos son los escenarios bellísimos de una vida a un tiempo bronca, exquisita, melancólica y pícara¹¹³. Hay, pues, toda una literatura de los pazos que, por cierto, va casi unánimemente unida al hecho de su declive institucional, al fin de raza de sus dueños, a su ruina, soledad y abandono. Casi todo lo que se ha escrito acerca de los pazos viene a ser como una elegía y hasta como un acta de defunción (...). Podría explicarse el hecho porque tal literatura coincide históricamente con sus postimerías. Deja un regusto nostálgico y melancólico de algo que fue bello que fue demasiado fuerte, y que, concluido su ciclo vital, entra solemnemente en la descomposición, en la podredumbre y en la muerte¹¹⁴.

En definitiva, a comezos do século XX, a inadecuación da fidalguía na transición cara a unha sociedade burguesa, ademais de todos os aspectos enumerados antes, posibilitou a súa desaparición e a chegada como novos propietarios de milleiros de campesiños que moi raramente se converten en empresarios agrarios. A atomización da terra segue a ser unha das características fundamentais que lastrarán o desenvolvemento do agro galego, como o fora xa no XIX.

¹¹² SAAVEDRA FERNÁNDEZ, PEGERTO: “La vida en los pazos gallegos: entre la literatura y la historia”. En revista *Pedralbes*. 23 (2003). P. 288.

¹¹³ MARTÍNEZ BARBEITO, C.: *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. León, 1978. P. 4.

¹¹⁴ MARTÍNEZ BARBEITO, C.: *Ibidem*. P. 5. Citado por SAAVEDRA, PEGERTO: op. cit. 288.

207-237.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ÁLVAREZ, L.: “El poder empresarial de Galicia en perspectiva histórica”. En OJEA, F. (coord.): *Grandes empresas, grandes historias de Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia, pp. 9-48. 2000.

Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-1830). Ed. Akal. Madrid. 1976.

“As revoltas preindustriais en Galicia: O Lusitano”. En *Grial* nº 66, 1979, pp. 453-462.

“Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia (1778-1818)”. En *Pedralbes*, Revista de Historia Contemporánea. N° 11. 1991.

ALLEGUE OTERO, ALEJANDRO: “Valle-Inclán que estás no Cuadrante (I) e (II)”. Diario de Arousa. Setembro e outubro de 2008.

ALLEGUE OTERO, GONZALO: “De damas y frailes”. En revista *Cuadrante*, nº 7. Asociación Amigos de Valle-Inclán. Pontevedra. 2000. Pp. 29-48.

ANDRADE CERNADAS, J. M.: “El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia Medieval (siglos V al XIII)”. En *Col. Galicia Medieval: Estudios*, nº 3. Publicacións do Seminario de Estudios Galegos. Sada. 1997.

ANFACO: “1879-1944. Dos fechas de la industria conservera”. En *1904-2004. 100 años de unión conservera*. ANFACO. Marzo de 2007.

ARMAS CASTRO, J.: “La crisis del siglo XIV”. En *Historia de Galicia. Vol II*. Faro de Vigo. 1991.

ARTIAGA REGO, A.: *A desamortización na provincia de Pontevedra (1855-1900)*. Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1991.

“La renta foral en Galicia a finales del siglo XIX”. En *Agricultura y Sociedad*, 30. 1984. Pp.

ARTIAGA REGO, A e BALBOA LÓPEZ, X. L.: “A agricultura do século XIX”. En *Historia de Galicia*. Faro de Vigo. Vigo. 1991.

ARTOLA GALLEGOS, MIGUEL: *La hacienda del Antiguo Régimen*. Alianza Editorial. 1982.

BALLART CLOS, JOAN: “*La nissaga dels Goday i la indústria del peix*”. En *El sot de l'Aubó. Quaderns d'història local. Centre d'Estudis Canetencs*. N° 29, setembre. 2009. Pp. 1-9.

BARREIRO DE V. V. B., BERNARDO: *Galicia Diplomática*. Galicia diplomática. Publicación. A Coruña: Losa, D. L. 2003. Edición: [Ed. facs.]

BARREIRO GIL, MANUEL JAIME.: *Prosperidade e atraso en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*. A Coruña, Xunta de Galicia. 1990.

“La generalización de la producción de mercancías y la modernización productiva de la agricultura en Galicia. 1876-1976”. En www.e-rcbivo.uv3m.es:8080/dspace/bitstream/10016/1574/1/RHE-1983-I-2-BarreiroGil.pdf

BARREIRO, X. R.: *Historia de Galicia. IV. Idade contemporánea*. Galaxia. Vigo. 1981.

BARROS GUIMERÁNS, C.: “La revuelta de los Irmandiños. Los gorriones corren tras los halcones”. En *Historia de Galicia. Vol. II*. Faro de Vigo. 1991. Pp. 441-460.

BERNALDO DE QUIRÓS Y RIVERA, PASTOR: *El problema de los foros en el noroeste de España*. Madrid. 1923.

BRAVO CORES, DANIEL M.: “Los almacenes catalanes de salazón en Galicia: características y procesos productivos”. En *Revista Pedralbes*. 1991. N° 11. Pp. 165-179.

BREY, G.: “Economie et mouvement syndical en Galice (1840-1911)”. Paris, Thèse de Doctorat d'Etat, Université de Pau et des Pays de l'Adour. 1989.

BRIÓN HERMO, ANTONIO: “Los fomentadores catalanes en la ría de Arosa”. En *1904-2044. 100 años de unión conservera*. Industria Conservera. ANFACO. Marzo de 2004. Pp. 56 e 57.

CALO LOURIDO, F.: *Xentes do mar. Traballo, tradición e costumes*. A Nosa Terra. Vigo. 1996.

“A Igrexa perde os dezmos pero recuperáos en alugeres. Un caso no Grove”. En *Aunios*. Nº 2. 2000.

CANOURA QUINTANA, A.: *A pesca na Galicia do século XVII*. Xunta de Galicia. 2008.

CARMONA BADÍA, J.: “Crisis y transformación de la base industrial gallega, 1850-1936”. En NADAL, J. E CARRERAS, A. (dir. e coord.) (1990): *Pautas regionales de la industrialización española*, Barcelona, Ariel, pp. 23-48. 1990.

“Galicia: minifundio persistente e industrialización limitada”. En GERMAN, L. et alii (eds.), *Historia económica regional de España, siglos XIX y XX*, Barcelona, Crítica, pp. 13-45. 2001.

La industria conservera gallega. 1804-1905. Papeles de Economía Española. F. de Cajas de Ahorros. 1985.

“Igualdade e desigualdade nas pescarías galegas de mediados do S. XVIII”. En *Grial*, nº 102, 1989, pp. 216-226.

“Recursos, organización y tecnología en el crecimiento de la industria española de conservas de pescado, 1900-1936”. En NADAL, J. e CATALAN, J. (eds.): *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)*. Alianza Editorial, 1994.

El atraso industrial de Galicia. Ariel. Barcelona. 1990. P. 42.

“Producción textil rural e actividades marítimo pesqueiras na Galicia, 1750-1905”. Tese doutoral. 1983.

Las familias de la conserva. Fundación Cluster de Conservación de Productos del mar. Anfaco. Deputación de Pontevedra. 2011.

CARMONA BADÍA, J. e GARCIA LOM-BARDERO, X.: “Tradición e modernización nas pesquerías galegas. Artes de pesca e organización da producción”. En *Actas do Colóquio Santos Grata de Etnografía Marítima*, Póvoa do Varzim, 1985, pp. 27-44.

CARMONA BADÍA, J. e PENA, J.: “As origens do sector eléctrico na Galiza, 1888-1936” En Agália. *Quatro Estudios de historia económica de Galiza, monográfico nº 2*, pp. 33-48. 1989.

CARMONA BADÍA, XOÁN e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, ÁNGEL, “Demografía y estructura patronal empresarial en la industria gallega de conservas de pescado del siglo XX”. En *VII Congreso de Historia Económica*. Zaragoza, 2001.

CARRERAS CANDI: *Geografía general del Reino de Galicia*. 1936.

CARROT, GEORGES: *La Garde Nationale (1789-1871). Une force publique angue*. París, 2001. L'harmattan.

CHARLÍN PÉREZ, F. X.: “GUÍA ABREVIADA: LA GALICIA DE VALLE-INCLÁN”. En http://www.amigosdevalle.com/files/guia_valleinclan_sp.pdf

CHARLÍN PÉREZ, F. X. e ALLEGUE, G.: *O mundo de Valle-Inclán. Viaxe ás orixes*. Asociación Amigos de Valle-Inclán. 2008.

CORNIDE SAAVEDRA, J.: *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*. Madrid, 1774.

Ensayo de una historia de los peces y otras producciones de la costa de Galicia arreglada al sistema del caballero Carlos Linneo, con un tratado de las redes Y aparejos con que se practican. Madrid, 1778.

Descripción círcunstanciada de las costas de Galicia. Noticia de la pesca que se hace en sus puertos, y de los barcos y aparejos de sus matriculados formado por

D. José Comide. *Año de 1785*. En *Revista de Pesca Marítima*, Vol. VIII. 1892.

COUSELO BOUZAS, J.: *La guerra hermanina*. Santiago. 1926.

CRESPO POZO, JOSÉ SANTIAGO: *Blasones y linajes de Galicia*. IV T. Ediciones Boreal. Santiago de Compostela. 1997.

DÍAZ DE RÁBAGO, J.: “La industria de la pesca en Galicia, estudio sociológico”. En *Revista de la RSEAP de Santiago*, 1885.

DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: “A fidalguía na sociedade do século XIX”. En *Galicia fai dous mil anos. O Feito Diferencial Galego*. Museo do Pobo Galego. I, vol. 2. 2003. Pp. 160-161.

“Mesa farta, bodega franca, bolsa aberta: a vida cotiá da fidalguía galega no século XIX”. En *V e VI Semanas de Historia de Galicia*, Noia, Asociación Galega de Historiadores, 1998. Pp. 449-473.

DURÁN, J. A.: *Historia de caciques, bandos e ideologías en la Galicia no urbana*. Siglo XXI. 1972.

Agrarismo y movilización campesina en el País Gallego. 1875-1812. Madrid. 1977.

EIRAS ROEL, A.: “Un vecindario de población y de estadística en el siglo XVIII”. En *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 1969. T. XXIV. Pp. 489-527.

ESCUDERO, J., A.: *Curso de Historia del Derecho*. Madrid, 1985.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C.: “Cambio económico, adaptaciones e resistencias nos séculos XIX (dende 1870) e XX”. En FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (Ed.): *Historia da pesca en Galicia*. Servicio de Publicacións da Universidade de Compostela. 1998. Pp. 141-143.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C. et alii: *Historia da pesca en Galicia*. Ed. Biblioteca de divulgación, Universidad de Santiago de Compostela. 1998.

FERNÁNDEZ DÍAZ, R. e MARTÍNEZ SHAW, C.: “La pesca en la España del siglo XVIII. Una aproximación cuantitativa, 1758-1765”. En *Revista de Historia Económica*, ano II, Vol. 3, 1984, pp. 183-201.

FERNÁNDEZ DÍAZ, R.: “La historia sobre la burguesía comercial catalana del siglo XVIII”. En *Pedralbes. Revista d'història moderna*. Any: 1988. Núm.: 8 (1). Pp. 25-47).

FERREIRA PRIEGUE, E.: *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. 1988.

“O desenvolvemento da actividade pesqueira dende a Alta Idade Media ao século XVII”. En FERNÁNDEZ CASANOVA, CARMEN (Coor.): *Historia da pesca en Galicia*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. 1998.

“Cambio económico: adaptaciones e resistencias nos séculos XIX (dende 1870) e XX”. En FERNÁNDEZ CASANOVA, CARMEN (Coord.): *Historia da pesca en Galicia*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago. 1998.

FILGUEIRA VALVERDE, J.: *Archivo de Mareantes*. Museo de Pontevedra, 1944.

FONTANA, J.: *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*. Barcelona. 1973.

GARCÍA ÁLVAREZ, M. R.: “Catálogo de documentos reales de la Alta Edad Media referentes a Galicia”. En *Compostellanum. N° 72*, pp. 229 e 321. V.

GARCÍA FERNÁNDEZ, A.: *Fichado e cartografiado das edificacións marítimas susceptibles de uso turístico de Galicia*. Xunta de Galicia. 2001

“Construíóns marítimas da nosa primeira industrialización. Da salga á conserva”. En *Ardentía*. 2006.

GARCÍA FERNÁNDEZ, J.: *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica. Siglo XXI*. 1975.

GARCÍA LOMBARDERO, X.: “La economía de Galicia en los siglos XIX y XX”. En *Papeles de Economía Española*, 20, pp. 319-333. 1984.

“Transformaciones de la economía de Galicia en los siglos XIX y XX. Estado de la cuestión”. En SÁNCHEZ ALBORNOZ, N.: *La modernización económica de España, 1830-1930*. Alianza Editorial, Madrid. 1973.

GARCÍA ORO, J.: *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*. Bibliófilos Gallegos. Santiago. 1977.

GARCÍA RAMOS, A.: *Estilos consuetudinarios y prácticas económico-familiares y marítimas en Galicia*. Madrid, 1909.

GIRÁLDEZ RIVERO, J.: *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego, 1880-1936*. Madrid, MAPA. 1996.

De las Rías a Terranova: La expansión de la pesca gallega (1880-1950). Vigo, SIPSA. 1997.

“A explotación dos recursos do mar”. En PEREIRA-MENAUT, G. (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. I. Historia*, vol. 2, Santiago, Museo do Pobo Galego, pp. 235-250. 1997.

GODAY VARELA, MANUEL: “De la moderna industria conservera gallega”. En *Industria Conservera*. 1954. Pp. 70-71.

GONDAR PORTOSANY, M. (S/D): “Herencia”. En *Gran Enciclopedia Gallega*. T. 17. Vitoria.

GONZÁLEZ DE ZÚÑIGA, C.: *Medidas que se deben adoptar para el fomento de la pesca y sazón en todas las costas y rías gallegas*. Pontevedra. 1850.

GONZÁLEZ, JULIO: *Regesta de Fernando II*. Madrid. 1943. P. 382.

GONZÁLEZ LÓPEZ, E.: *Luis López Ballesteros (1782-1853). Ministro de Hacienda de Fernando VII*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. 1987.

BAJO LAS LUCES DE LA ILUSTRACIÓN. *Galicia en los reinados de Carlos III y Carlos IV*. Ediciones del Castro. A Coruña. 1977.

HERR, R.: “El significado de la desamortización en España”. En *Moneda y Crédito*, 131. 1974. Pp. 55-94.

HERNÁNDEZ BORGE, J.: “Los puertos gallegos en la emigración española a América”. En *Pontevedra. Revista de la Excm. Diputación de Pontevedra*, nº 0, pp. 41-52. 1980.

HORMIGÓN, JUAN ANTONIO: *Valle-Inclán. Biografía cronológica y Epistolario*. Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España. Madrid, 2006. 4 vols.

HOYO, CARDENAL JERÓNIMO DEL: *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Ed. de Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome. Santiago, s.a.

LABARTA, U.: *A Galicia Mariñeira*. Vigo, 1986.

“Galicia mariñeira: historia económica e científica”. En VV. AA.: *Estudio y explotación del mar en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela, 1979, pp. 11-72.

LABRADA, LUCAS: *Descripción Económica del Reino de Galicia*. Ferrol 1804. Reed. Galaxia, Vigo 1971.

LADERO QUESADA, M. A.: *La Hacienda Real en el siglo XV*. Tenerife. 1973.

LARRUGA Y BONOTA, EUGENIO: *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España. Tomo 42*. Madrid 1798. P. 314. Biblioteca Nacional 5/6437.

LEAL BÓVEDA, J. Mª: “Os cambios do uso do solo do litoral galego. O caso de Vilanova de Arousa”. En *III Congreso de Ensinantes de Xeografía e Historia*. Consellería de Educación. O Carballiño. 2006.

“Apuntes para la historia de los asentamientos humanos y del urbanismo en Vilanova”. En *Diario Atlántico*. 1992.

Guía didáctica do sistema portuario galego. O caso de Vilanova de Arousa e Cambados. No prelo.

Breves apuntamentos para a memoria gráfica de Vilanova. Banosprint. 2011.

LEAL BÓVEDA, JOSÉ MARÍA e TORRADO LÓPEZ, R. E: "Aspectos socioeconómicos da Vilanova de Valle-Inclán". En revista *Cuadrante*, nº 0. Pp. 28-35. Cambados. 2000.

LÓPEZ ALSINA, F: "La formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra". En *Iubilatio I. Homenaxe a M. Lucas e A. Rodríguez González*. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago. Pp. 107-117.

LÓPEZ CAPONT, F.: *El desarrollo industrial pesquero en el siglo XVIII. Los salazoneros catalanes llegan a Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. 1998.

LÓPEZ FERREIRO, A.: *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Vigo. 1968.

Fueros municipales de Santiago y su tierra. Santiago. 1895 (ed. facs. Madrid. 1975. Pp. 559 e ss.).

MADOZ, P.: *Diccionario geográfico-histórico de España y sus posesiones en Ultramar*. Madrid. 1845.

MARIÑO DEL RÍO, M.: *A industria derivada da pesca no concello de Porto do Son. As salgaderas. (1774-1934)*. Toxosoutos. Noia. 1996.

MASSÓ, J. Mª: *Barcos en Galicia. De la Prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre*. Deputación Provincial de Pontevedra. 1992.

Origen y desarrollo de la industria conservera en Galicia. Banco de Bilbao. Vigo. 1967.

MARTÍ GILABERT, F: *La desamortización española*. Ediciones Rialp. 2003.

MARTÍN, T: *La desamortización. Textos político-jurídicos*. Madrid, 1.973.

MARTÍNEZ BARBEITO, C.: *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. León, 1978.

MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, BLANCA: "A desamortización eclesiática durante o Trienio Liberal na Provincia de Lugo". En VILLARES PAZ, RAMÓN (Ed.): *Donos de seu*. Barcelona. Sotelo Blanco. 1988.

MEIJIDE PARDO, A.: *Negociantes catalanes y sus fábricas en la Ría de Arousa. (1780-1830)*. A Coruña. 1973.

"Los salazoneros catalanes: economía marítima de Sada y Fontán". Ed. *Anuario Brigantino*, nº 18. 1995.

"La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos, 1760-2830". En *Pedralbes, Revista de Historia Moderna*. 4, 1984.

"Notas históricas sobre ostricultura en la Ría de Arosa". En *CEG*, XXIV. 1969.

MEIJIDE PARDO, Mª L.: *A guerra pola sardiña*. Xunta de Galicia. 2002.

MIÑANOS, S.: *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y Portugal*. Madrid. 1825.

MOLINA, BARTOLOMÉ SAGRARIO DE: *Descripción del Reyno de Galizia*. Mondoñedo. 1550. (Ed. facsímil. Santiago. 1949).

MOLLAT, MICHEL.: "Notes sur la vie maritime en Galice au XII siecle d'après l'*Historia Compostellana*". *AEM*, 1. 1964.

MORO BARREÑADA, J. Mª: "La desamortización". En *Cuadernos de Historia* 16. Madrid. 1985.

MOURE PENA, TERESA C.: "O mosteiro benedictino de San Cibrán de Calogo na Idade Media". En *Aunios*. N° 7. 2003.

MUÑOZ ABELEDO, L.: "Los mercados de trabajo en las industrias marítimas de Galicia. Una perspectiva histórica". Tese doutoral. Universidad autónoma de Barcelona.

NADAL, FRANCESCA: "Poder municipal y espacio urbano en la configuración territorial

del estado liberal español (1812-1975)”. En *Geocrítica*. Universidad de Barcelona. Año VII. Número 37. Xaneiro, 1982.

NADAL, J.: *El fracaso de la revolución industrial en España. 1814-1913*. Ariel. Barcelona. 1975.

NÚÑEZ, X. M.: *Emigrantes, caciques e indíanos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*. Vigo, Xerais. 1998.

PALLARES MÉNDEZ, Mª C. e PORTELA SILVA, H.: “Edad Media”. En *Historia de Galicia*. Ed. Alhambra. Madrid. 1982.

PAZ ANDRADE, V.: *Producción y fluctuaciones de las pesquerías*. Madrid. 1954.

Sistema económico de la pesca en Galicia. Buenos Aires. 1958.

“El hambre y el espacio marítimo”. En *Industrias Pesqueras. 1103-1104. Especial abril*, 1973, pp. 151-153.

“El proceso de expansión de las pesquerías españolas”. *ICE*. nº 2478, 1973. Pp. 83-94.

“Edad Moderna”. En *Historia de Galicia*. Ed. Alhambra. Madrid. 1982. Pp. 141-224.

PEREIRA FERNÁNDEZ, X. M.: “La pesca en el siglo XVI. El esplendor de Pontevedra”. En VV. AA. *Historia de las Rías*. Cap. 46. Faro de Vigo. 2000. Pp. 729-744.

PEREIRA PAZOS, Mª C. e PREGO CANCELO, B.: *Familia del Valle Inclán: descripción del fondo documental*. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Santiago de Compostela. 2008.

PÉREZ GARCÍA, J. M.: *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la Península del Salnés (Jurisdicción de la Lanzada)*. Universidade de Santiago de Compostela. 1979.

“Demografía cualitativa y coyuntura agraria análisis de interdependencias a partir del ejemplo gallego del Salnés (1600-1700)”. En *Pedralbes. Revista d'història moderna*. Any: 1986

Núm.: 6. Pp. 21-37.

“Edad Moderna”. En *Historia de Galicia*. Ed. Alhambra. Madrid. 1982

PÉREZ GARZÓN, SISINIO: *Milicia Nacional y Revolución Burguesa*. Madrid. 1978.

PÉREZ PICAZO, Mª T.: “Los catalanes en España en el siglo XIX”. En *Els catalans a Espanya, 1760-1914*. Universitat de Barcelona. Barcelona. 1996.

PÉREZ SÁNCHEZ, J. A.: *Las actividades pesqueras y agropecuarias en la ría de Arousa. Dinámica e incidencia territorial*. Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra. 1996.

PLANELLAS Y GIRALT, JOSÉ: *Congreso Agrícola Gallego (1864. Santiago de Compostela)*. Santiago: Sociedad Económica, [s.a.]. Imprenta de José Rodríguez Rubial. Edición dixital da Fundación Cidade da Cultura de Galicia: Número de Control: BDGA20080011970.

Congreso Agrícola Gallego de 1864. Nota limiar de Ramón Villares Paz. Edición facsímil. Ediciones do Castro, Área de Ciencias Agrarias. A Coruña. 1994.

PORTELA PAZOS, S.: *Galicia en tiempos de los Fonseca*. CSIC. Madrid. 1959.

PRESEDO GARAZO, A.: *Cambios hacendísticos y de gestión en los patrimonios de la hidalguía acomodada gallega en el siglo XIX*. 2004.

QUINTÁNS VÁZQUEZ, Mª C.: *El dominio de San Martín Pinario ante la desamortización*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago. 1972.

RODRÍGUEZ FERREIRO, H.: “Consecuencia del establecimiento de los fomentadores catalanes en las Rías Bajas en el siglo XVIII”. En *Obradoiro de Historia Moderna. Homenaxe ao profesor Eiras Roel*. USC, 1990. Pp. 269-296.

RODRÍGUEZ GALDO, M. X.: “Nos alicerces do subdesenrollo galego: a pesca a mediados do S. XVIII”. En *Grial*, nº 56, 1977.

Pp. 165-172.

“Os efectos demográficos da crise de mediados do século XIX en Galicia”. En *Grial. Anexo 1. Historia*. Galaxia. 1982.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, B.: *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1923.

ROMANÍ BARRIENTOS, A.: *A revolución tecnolóxica na industria salgadeira en Galicia*. Unipro Editorial. Vigo. 1991.

La pesca de bajura en Galicia. A Coruña. 1981.

Una industria salazonera catalana en Galicia. Origen, apogeo y ocaso. Xunta de Galicia. 1998.

ROMERO MASIÁ, A. e ALFEIRÁN RODRÍGUEZ, X.: *Salgadeira e conserveiras de pescado en Galicia*. Federación de Alimentación de UGT. A Coruña. 2000.

RUEDA HERNANZ, G.: *La desamortización de Mendizábal y Espartero en España*. Madrid. 1986.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, PEGERTO: “La iglesia gallega del Antiguo Régimen”. En *Historia de Galicia. Edad Moderna*. Faro de Vigo. 1991. Pp. 584-585.

“La vida en los pazos gallegos: entre la literatura y la historia”. En *Revista Pedralbes*. 23 (2003). Pp. 285-316

SÁNCHEZ ALBORNOZ, N.: *La modernización económica de España, 1830-1930*. Alianza Editorial, Madrid. 1973.

SÁNCHEZ CIDRÁ, ARTURO, CERVIÑO MEIRA, XOSÉ MANUEL e FERNÁNDEZ ALDEANGUNDE, XOSÉ LUÍS: *A Industria da pesca salgada. Os portos de Buen e Beluso*. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. 1998.

SANTOS CASTROVIEJO, S.: *Historia da salgazón nas Rías Baixas desde as Ordenanzas Xerais da Armada de 1748 até o desestanque do sal de 1870*. Ed. Unipro. Vigo. 1990.

SAMPEDRO FOLGAR, C.: *Documentos, inscripciones, monumentos y extractos para la historia de Pontevedra. Tomo 111*. Sociedad Arqueológica, Pontevedra. 1904.

Ordenanzas da Confraría do “Corpo Santo” e do Gremio de Mareantes de Pontevedra. Vía Láctea. A Coruña. 1998.

SANTOS CASTROVIEJO, IAGO: “Os séculos XVIII e XIX (ata 1870): protagonistas e transformacións”. En *Historia da pesca en Galicia*. FERNÁNDEZ CASANOVA, CARMEN (Coord.). Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. 1998. P. 126.

SANTOS CASTROVIEJO, SANTIAGO: *Historia da pesca e a salgazón nas Rías Baixas desde as Ordenanzas Xerais da Armada de 1748 ata o desestanque do sal de 1870*. Unipro Editorial. Noia. 1990.

SÁÑEZ REGUART, A.: *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*. Madrid, 1791-1795.

SEIJAS MONTERO, MARÍA: “A realidade evolutiva da renda foral nos prioratos de Vilanova e Carboeiro no século XVIII”. En *Historia Nova VI e VII*. Asociación Galega de Historiadores. Noia. 199. Pp. 417-455.

TABOADA MOURE, P.: *Las élites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra (1836-1923)*. Pontevedra. 1987.

“Crises de subsistencias e motíns populares na Galicia costeira (1835-1836)”. En *Grial*, nº 60. 1978. Pp. 170-180.

TOMÁS Y VALIENTE, F.: *El marco político de la desamortización en España*. Ariel 1989.

THOMPSON, F. M. L.: “Life after Death: how successful nineteenth-century businessmen disposed of their fortunes”. En *The Economy History Review*. XLIII, 1. 1990. Pp. 40-61.

URRUTIA, JORGE: “Valle-Inclán: Biografía cronológica y Epistolario de Juan Antonio Hormigón”. En *ADE-Teatro*, nº 113. Novembro / decembro, 2006.

VALLEJO POUSADA, RAFAEL: *A desamortización de Mendizábal na provincia de Pontevedra. 1836-1844.* Deputación de Pontevedra. Pontevedra. 1993.

“Historia da pesca en Galicia. Das orixes ata o século XVIII”. En *Pontevedra. Revista da Deputación de Pontevedra. Nº 19.* Pontevedra. 2003. Pp. 153-178.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A.: *La emigración gallega a América, 1830-1930.* Universidade de Santiago de Compostela, tese doutoral. 2000.

“El ocaso de la armaduría gallega y la emergencia de los nuevos señores del transporte emigratorio a América: los consignatarios (1847-1880)”. En CAGIAO, P. (ed.): *Galicia nos contextos históricos. Sémata, 11.* 2000. Pp. 235-256.

VÁZQUEZ SAAVEDRA, D.: “La organización del trabajo en la Galicia costero-conservera: el impacto de la industrialización en Illa de Arousa, 1889-1935”. Memoria de Licenciatura inédita. Universitat de Barcelona.

VILLARES PAZ, R.: “Edad contemporánea”. En VV. AA.: *Historia de Galicia, A Coruña, Caixa de Aforros de Galicia.* 1982. Pp. 225-299.

Historia de Galicia. Madrid, Alianza editorial. 1981.

“As remesas de diñeiro dos emigrantes”. En *Galicia e América. Cinco séculos de Historia,* Santiago, Consello de Cultura Galega. 1992. Pp. 254-255.

Historia da emigración galega a América. Santiago, Xunta de Galicia. 1996.

“A agricultura galega, 1870-1930. Unha época de grandes transformacións”. En FERNÁNDEZ PRIETO, L. (dir.): *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea.* Vigo, Xerais. 2000. Pp. 61-82.

A Historia. Biblioteca básica da cultura galega. Vigo. 1988.

“La sociedad del Antiguo Régimen: hidalgos y campesinos”. En *Historia de Galicia. Edad Moderna.* Faro de Vigo. 1991.

Desamortización e réxime de propiedade. A Nosa Terra. Vigo. 1994.

Historia de Galicia. Obradoiro Santillana. Vigo. 1998.

“Desamortización”. En *Gran Enciclopedia Galega.*

VILLARONGA GARCÍA, M.: *Vilagarcía, Vilaxoán y Carril.* Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra. 1991.

VIQUEIRA BARRIO, V.: *El castrum Lupariae. Folleto histórico de la Byrxa o Torre de Lobeira en el Valle del Salnés.* Imprenta Hogar Provincial. Pontevedra. 1960.